# Procesos de selección de profesorado non permanente

# Guía para as comisións de selección (versión 1.5)

Setembro de 2021

O Consello de Goberno da Universidade, na súa sesión do 8 de abril de 2019, aprobou un *Regulamento de selección de profesorado non permanente* que introducía diversas novidades, tanto no relativo á composición das comisións de selección coma aos baremos para a valoración do historial académico, docente, investigador e profesional das persoas aspirantes.

Polo que se refire ao procedemento, o aspecto máis salientable e novidoso foi sen dúbida o desenvolvemento dunha aplicación para a xestión dos procesos selectivos. Esta aplicación utilizouse por primeira vez nos concursos de profesorado axudante doutor e de profesorado asociado convocados por Resolución Reitoral do 8 de maio de 2019. Naquela ocasión estaba unicamente operativo o módulo que permitía ás persoas aspirantes a unha praza de profesorado presentar a súa solicitude e achegar a documentación acreditativa mediante procedementos electrónicos. Pola contra, as restantes fases do proceso selectivo (elaboración de listas provisionais e definitivas das persoas solicitantes, valoración técnica das solicitudes por parte do Servizo de Planificación de PDI e constitución e actuación das comisións de selección) debían seguir realizándose necesariamente a través dos medios tradicionais.

A posta en marcha a partir de xullo de 2020 dos restantes módulos da aplicación vai permitir realizar a través dela e de xeito máis áxil e sinxelo todas as actuacións anteriormente mencionadas.

Co fin de proporcionarlles ás comisións de selección un instrumento que lles poida facilitar o seu traballo, a Vicerreitoría de Profesorado elaborou esta *Guía para as comisións de selección*, que inclúe unha primeira sección titulada *Desenvolvemento dos procesos de selección de profesorado non permanente e de listaxes de agarda*, en que se describen os diferentes procedementos que forman parte do proceso de selección e o funcionamento da aplicación informática, e unha segunda, titulada *Orientacións para a elaboración dos Criterios para a valoración de méritos e probas*, que recolle un conxunto de recomendacións que teñen por obxecto harmonizar e homoxeneizar estes criterios. Estas Orientacións foron elaboradas nunha primeira versión por Vicerreitoría de Profesorado e logo presentadas, discutidas e notablemente melloradas pola Comisión de Asesoramento para a Contratación de Profesorado.

Confiamos en que esta guía poida servir de axuda e orientación para as persoas que teñen a responsabilidade de seleccionar, de entre as candidaturas presentadas, aquelas que reúnan máis merecementos para accederen a unha praza de profesorado na Universidade de Santiago de Compostela.

Ernesto González Seoane

Vicerreitor de Profesorado

# I. DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE SELECCIÓN DE PROFESORADO NON PERMANENTE E DE ELABORACIÓN DE LISTAXES DE AGARDA

# 1. Constitución das comisións e elaboración dos criterios de valoración de méritos e probas

## a) Aspectos normativos

1. As comisións de selección deben constituírse antes de transcorridos dous meses contados desde o día seguinte á data de publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. É aconsellable, porén, que a constitución teña lugar o antes posible despois do seu nomeamento co fin de facer públicos coa maior antelación posible a acta de constitución e os criterios de valoración de méritos e probas. Por outra banda, debe terse en conta que, de acordo co *Regulamento para a selección de profesorado non permanente*, o mes de agosto é inhábil para a reunión das comisións de selección.

2. A reunión de constitución será convocada pola persoa que ocupe a presidencia titular da comisión, que fixará a data, hora e lugar da reunión. Con carácter xeral, a comisión deberá actuar no centro para o que se convoca a praza. Cando un mesmo concurso inclúa prazas correspondentes a diferentes centros, celebrarase no centro que decida a persoa que ocupe a presidencia da comisión. En calquera caso, tanto a constitución coma a aprobación de criterios pode realizarse tamén a través de procedementos telemáticos. De todos os xeitos, será conveniente que a persoa que ocupe a presidencia manteña os decanatos ou direccións dos centros informados en todo momento sobre o desenvolvemento dos concursos.

3. A válida constitución da comisión esixirá a presenza de todos os seus membros. Os membros titulares que non asistan ao acto de constitución serán substituídos polos membros suplentes correspondentes. No caso de que os suplentes non asistan, a substitución farase co resto de suplentes da comisión, por orde correlativa.

4. A reunión de constitución das comisións debe producirse antes de que os seus membros poidan acceder ao contido das solicitudes, é dicir, ao currículum e á documentación acreditativa das persoas solicitantes.

5. A comisión deixará constancia da súa constitución a través dunha acta que, unha vez asinada electronicamente polo secretario e polo presidente da comisión, será publicada no taboleiro electrónico da Universidade.

6. Logo de constituída a comisión, os seus membros non poderán ser substituídos durante o resto do proceso de selección. Para efectos de celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos requirirase a

asistencia da maioría dos seus membros e, en todo caso, das persoas que ocupen a presidencia e a secretaría.

7. No mesmo acto de constitución, e sempre antes de acceder ao contido das solicitudes, a comisión de selección deberá aprobar e facer públicos os criterios de valoración dos méritos presentados polas persoas aspirantes ás prazas en concurso. Estes criterios de valoración tomarán como punto de partida o baremo oficial para cada tipo de praza publicado canda a convocatoria e axustaranse á estrutura definida no formulario modelo correspondente.

8. Sen prexuízo da autonomía das comisións de selección para elaborar estes criterios, é aconsellable que as comisións teñan presentes as recomendacións contidas no documento *Orientacións para a elaboración dos criterios para a valoración de méritos e probas en procesos selectivos de profesorado*.

9. No caso de procesos selectivos que consten de dúas fases, a comisión deberá facer público tamén o criterio que rexerá o paso á segunda fase das persoas aspirantes á praza así como os criterios para a valoración e superación da segunda fase.

10. Cando se trate de procesos selectivos que consten dunha única fase, a comisión deberá indicar o criterio con que se seleccionará as persoas aspirantes propostas para a provisión da praza ou prazas en concurso.

11. Unha vez elaborados e aprobados os criterios por parte da comisión, o documento deberá ser asinado polo secretario e polo presidente da comisión e publicado no taboleiro electrónico da Universidade.

12. A elaboración e publicación no taboleiro da acta de constitución da comisión e dos criterios para a valoración de méritos e probas débese realizar a través da aplicación informática para a xestión dos procesos de selección de PDI, de acordo co procedemento que se indica a seguir.

### b) Funcionamento da aplicación

1. Para elaborar a acta de constitución da comisión o/a presidente/a ou o/a secretario/a deberán acceder ao *Módulo de valoración para procesos de selección de PDI* a través do enderezo https://aplicacions.usc.es/pspdi/valoracion/concursos.

2. Clicando neste enlace, e despois de identificarse coas credenciais corporativas, accédese a unha primeira pantalla na que figuran todos os concursos nos que a persoa que accede figura como presidente/a ou secretario/a de comisión. A seguir, seleccionando o concurso, haberá que cubrir os datos necesarios para a elaboración da acta:



Concursos / Concurso (3001/20-21) / Acta

Accións

Módulos

**Módulo de valoración para os procesos de selección PDI**

## Datos xerais da convocatoria

| Ano | Código | Procedemento | Data de publicación |
|---|---|---|---|
| 2020 | 0003/20-21 | Ordinario | 29/06/2020 |

## Concurso

| Código | Ano | Categoría | Número de prazas |
|---|---|---|---|
| 3001/20-21 | 2020 | Profesorado axudante doutor | 1 |

## Acta

Datos xerais

| Localidade de constitución | Centro de actuación | Data de constitución |
|---|---|---|
| Localidade de constitución | Fac. de Ciencias Políticas e Sociais | Data de constitución |

Membros da comisión

| Cargo | Titulares | Suplentes |
|---|---|---|
| Presidente | ERNESTO XOSE GONZALEZ SEOANE | MARIA JOSE LOPEZ COUSO |
| Secretario | MARÍA JOSÉ LÓPEZ COUSO | MARIA ALVAREZ DE LA GRANJA |
| 1º vogal | MARIA ALVAREZ DE LA GRANJA | ERNESTO XOSE GONZALEZ SEOANE |
| 2º vogal | VICTOR MANUEL ARCE VAZQUEZ | MARIA CELIA BESTEIRO RODRIGUEZ |
| 3º vogal | JACOBO LIMERES POSSE | JACOBO LIMERES POSSE |

Criterios de valoración de 1ª fase

| Puntuación | Número de persoas |
|---|---|
| Puntuación | Número de persoas |

Criterios de valoración de 2ª fase

| Nota de corte | Número de persoas |
|---|---|
| Nota de corte | Número de persoas |

Descargar criterios de valoración

Criterios de valoración

Seleccionar ficheiro

Incidencias

Incidencias

Gardar

3. O/A secretario/a da comisión deberá indicar a localidade en que se constitúe a comisión, o centro de actuación e a data de constitución. Ademais deberá seleccionar de entre os membros titulares e suplentes os cinco que finalmente conformarán a comisión:



## Acta

Datos xerais

| Localidade de constitución | Centro de actuación | Data de constitución |
|---|---|---|
| Santiago de Compostela | Fac. de Ciencias Políticas e Sociais | 15/07/2020 |

Membros da comisión

| Cargo | Titulares | Suplentes |
|---|---|---|
| Presidente | ERNESTO XOSE GONZALEZ SEOANE | MARIA JOSE LOPEZ COUSO |
| Secretario | MARÍA JOSÉ LÓPEZ COUSO | MARIA ALVAREZ DE LA GRANJA |
| 1º vogal | MARIA ALVAREZ DE LA GRANJA | ERNESTO XOSE GONZALEZ SEOANE |
| 2º vogal | VICTOR MANUEL ARCE VAZQUEZ | MARIA CELIA BESTEIRO RODRIGUEZ |
| 3º vogal | JACOBO LIMERES POSSE | JACOBO LIMERES POSSE |

4. A seguir, deberán precisarse os criterios para a superación de cada unha das fases do concurso. Para iso, a comisión poderá establecer, indicándoo nos recadros correspondentes, unha puntuación mínima, un número máximo de candidatos ou ben unha combinación de ambos os criterios. A modo de exemplo, a comisión pode acordar que superan a primeira fase as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou superior a 30 puntos, ou ben que superan a primeira fase as cinco persoas candidatas que obteñan maior puntuación, ou ben as cinco persoas que obteñan unha maior puntuación, sempre que esta sexa igual ou superior a 30 puntos.



Criterios de valoración de 1ª fase

| Puntuación | Número de persoas |
|---|---|
| 30 | 5 |

Criterios de valoración de 2ª fase

| Nota de corte | Número de persoas |
|---|---|
| 10 | Número de persoas |

5. Finalmente, clicando en "Descargar criterios de valoración", a comisión poderá descargar o formulario para elaborar os criterios de valoración de méritos e probas. Unha vez cuberto o formulario, deberase gardar en formato pdf e subilo á aplicación a través do comando "Seleccionar ficheiro":



Descargar criterios de valoración

Criterios de valoración

Seleccionar ficheiro

Criterios_Seleccion_3001_20-21.pdf

6. Existe tamén un campo de texto libre para que a comisión poida deixar constancia das incidencias producidas no acto de constitución e aprobación dos criterios (por exemplo, as circunstancias polas que un dos membros titulares tivo que ser substituído polo suplente).

7. Unha vez cubertos todos estes datos, deberanse gardar premendo no botón correspondente.

8. Unha vez gardados os datos, o menú do formulario ofrece a posibilidade de descargar un borrador da acta para a súa revisión. Se a comisión considera que está correcta, deberá premer no comando "Constituír e enviar a asinar":




9. Deste xeito, créase un fluxo de sinatura a través do portasinaturas dixital da USC co fin de que asinen os documentos xerados (isto é, a acta de constitución e os criterios de valoración) o/a secretario/a e o/a presidente/a da comisión. Unha vez asinados, estes documentos publícanse de xeito automático no taboleiro electrónico. Ademais, a aplicación remite, tamén de xeito automático, un correo electrónico informativo a todos os membros da comisión e ás persoas aspirantes.

# 2. Realización das probas

Logo de publicados no taboleiro electrónico a acta de constitución e os criterios, e sempre que o Servizo de Planificación de PDI teña feita a valoración técnica das solicitudes, a comisión poderá iniciar o desenvolvemento dos concursos.

## 2.1. Concursos que constan de dúas fases

De acordo co que establece o *Regulamento para a selección de profesorado non permanente*, os concursos para a selección de profesorado axudante doutor, profesorado asociado, profesorado interino de substitución e para a elaboración de listaxes de agarda constan de dúas fases.

### a) Primeira fase

1. A primeira fase ten carácter eliminatorio e consiste na valoración dos méritos e do historial académico, docente, investigador e, de ser o caso, profesional ou sanitario-asistencial alegados polas persoas candidatas. A comisión de selección ten que valorar os currículos das persoas aspirantes, sempre de acordo cos *Criterios para a valoración de méritos e probas* previamente elaborados pola comisión e publicados no taboleiro electrónico.

2. A valoración dos méritos correspondente a esta primeira fase realizarase tamén a través da aplicación informática. Para iso, o/a presidente ou o/a secretario/a da comisión deberá acceder á aplicación, a través do procedemento antes sinalado, e seleccionar o concurso premendo no botón correspondente na columna de "Accións":



Concursos

| Código | Ano | Categoría | Área de coñecemento | Departamento | Accións |
|---|---|---|---|---|---|
| 3003/20-21 | 2020 | Profesorado interino de substitución e listas de agarda | Dereito Eclesiástico do Estado | Dereito Común | |
| 3002/20-21 | 2020 | Profesorado asociado | Psiquiatría | Psiq., Radiol.,S. Púb., Enf. e Med. | |
| 3001/20-21 | 2020 | Profesorado axudante doutor | Ciencia Política e da Administración | Ciencia Política e Socioloxía | |

Para comezar coa valoración dos currículos das persoas aspirantes deberase seleccionar "Fase 1ª" no menú situado á dereita da pantalla.




Ao facelo, aparece unha mensaxe que advirte da publicación no taboleiro electrónico do anuncio do inicio dos traballos da primeira fase:




Ao premer en "Continuar", créase un fluxo de sinatura de xeito que, unha vez asinado polo/a presidente/a e o/a secretario/a, o anuncio se insire de xeito automático no taboleiro electrónico. Publicado o anuncio, a comisión pode comezar inmediatamente coa valoración dos currículos das persoas aspirantes. Ademais, a aplicación envía un correo electrónico informando as persoas aspirantes do inicio dos traballos.

3. Para iniciar o proceso de valoración, deberase seleccionar de entre a relación de candidaturas presentadas a que se vai valorar en primeiro lugar:



Datos xerais da convocatoria

| Ano | Código | Procedemento | Data de publicación |
|---|---|---|---|
| 2020 | 0001/20-21 | Ordinario | 12/06/2020 |

Concurso

| Código | Ano | Categoría | Número de prazas |
|---|---|---|---|
| 1020/20-21 | 2020 | Profesorado axudante doutor | 1 |

Solicitudes

Datos xerais

Documento de identidade | Nome

Valorada na primeira fase

Buscar | Todos

| Documento | Nome | Valorada na primeira fase | |
|---|---|---|---|
| [redacted] | [redacted] | Non | |
| [redacted] | [redacted] | Non | |
| [redacted] | [redacted] | Non | |
| [redacted] | [redacted] | Non | |
| [redacted] | [redacted] | Non | |

Móstranse 5 resultados de 5

Unha vez seleccionada a persoa candidata que se vai valorar, na pantalla móstranse os méritos alegados por ela. No menú situado á dereita da pantalla aparecen as diferentes epigrafes do currículo. Premendo sobre cada unha delas visualízanse os méritos presentados dentro da epígrafe de que se trate:



Concurso / Solicitudes do concurso / Solicitude

Datos do solicitante

| Documento de identidade | Nome | Suspensión de actividade |
|---|---|---|
| [redacted] | [redacted] | Non |

Solicitude para o proceso de selección de PDI

1. Rendemento académico

1.1 Expediente académico de grao e máster ou ben de licenciatura

Nota máxima da sección: 10.0

| Título | Valorado | Puntuación | Afinidade | Total |
|---|---|---|---|---|
| Licenciado en Física | Si | 7.1985 | | |

Puntuación total da persoa candidata na epígrafe: 0.0

1.2 Doutoramento

Nota máxima da sección: 8.0

| Título | Valorado | Puntuación | Afinidade | Total |
|---|---|---|---|---|
| Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela (Campo: Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores) | Si | 8 | | |

Puntuación total da persoa candidata na epígrafe: 0.0

Accións
- Suspensións de actividades
- Rendemento académico
- Traxectoria académica
- Calidade docente
- Experiencia investigadora
- Experiencia profesional
- Outros méritos
- Previsualizar análise individual de méritos

Outras accións
- **Resumo das epígrafes**
- Resumo final
- Descargar arquivos
- Volver ás solicitudes

Outras accións
- Listaxe de Concursos

Módulos
- **Módulo de valoración para os procesos de selección PDI**

Dentro deste menú aparece tamén a opción "Previsualizar análise individual de méritos". Premendo nela accédese a un documento, que pode ser descargado

en formato pdf, onde figuran relacionados todos os méritos alegados pola persoa aspirante, e que pode ser útil como documento de traballo para os membros da comisión.

4. A primeira das epígrafes que deberá valorar a comisión é a correspondente ao **rendemento académico**. Nos apartados correspondentes á valoración do expediente académico de grao e máster ou ben de licenciatura, así como ao do doutoramento, a comisión terá que indicar unicamente o coeficiente de afinidade correspondente a cada un dos méritos alegados. A verificación da documentación acreditativa e a valoración do expediente académico de cada un dos títulos é realizada polo Servizo de Planificación de PDI e non pode ser modificada directamente pola comisión.




En todo caso, a comisión poderá acceder á descrición completa do mérito alegado e á documentación acreditativa correspondente clicando no ollo que aparece na columna de "Accións".

Unha vez asignado o coeficiente de afinidade no recadro correspondente, débese premer no botón "Gardar". A aplicación realiza as operacións correspondentes e traslada os datos ao documento de análise individual de méritos, ás actas e demais documentación do concurso.




Cando o Servizo de Planificación de PDI marcou un mérito como "non valorable" (por exemplo, porque non está correctamente acreditado), este aparece destacado cun sombreado e queda bloqueado, de xeito que non é posible que a comisión lle asigne ningunha puntuación:




En todo caso, clicando no ollo que aparece na columna de "Accións" a comisión poderá acceder á descrición completa do mérito que realizou a persoa aspirante e á documentación acreditativa correspondente.

5. Dentro do subapartado de Premios e mencións, a comisión deberá asignar unha puntuación a cada un dos méritos valorables, sempre de acordo co establecido nos criterios de valoración aprobados, e clicar no botón "Gardar":




6. Dentro do apartado de **Postos desempeñados no ámbito da Universidade ou de Organismos Públicos de Investigación**, a comisión de selección deberá valorar os méritos que previamente foron verificados (tanto no tocante á súa acreditación como á comprobación das datas) polo Servizo de Planificación de PDI.

Como se indicou anteriormente, cando o Servizo de Planificación considera que algún dos méritos alegados neste apartado non é valorable á luz da convocatoria, este aparecerá sombreado en cor verdosa e bloqueado, de xeito que a comisión non poderá valoralo:




No campo de Observacións, o Servizo de Planificación indica a causa pola que considera que o mérito non pode ser valorado.

Deste xeito, a comisión deberá completar en cada subapartado os seguintes datos:

a) Postos docentes universitarios.- A comisión deberá indicar se o mérito é valorable e, de ser así, o número de puntos por ano, seleccionando o valor correspondente no menú despregable (en función sempre do baremo aprobado como anexo ao Regulamento de selección de profesorado non permanente).

### 2.1 Postos docentes universitarios

| Categoría | Dedicación | Inicio | Fin | Duración (anos) | Valorado | Afinidade | Total | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Investigador Colaborador Contratado | PARCIAL_P3 | 13/05/2010 | 12/08/2011 | 1.1361 | Si | 0.75 | 0.8521 | |
| Contrato laboral temporal (posdoctoral, ATER - equivalente Ayudante Doctor) | COMPLETO | 01/09/2012 | 31/08/2013 | 1.0 | Si | 2.0 | 2.0 | |
| Profesor Asociado (Vacataire) | PARCIAL_P3 | 01/09/2013 | 31/08/2014 | 1.0 | Si | 0.75 | 0.75 | |
| Profesor Titular de Universidad (Maître de Conférences) | COMPLETO | 01/09/2014 | 25/06/2020 | 5.8194 | Si | 0.0<br>1.0<br>✓ 2.0 | 11.6389 | |

**Observacións**

Gardar

Ao premer no botón "Gardar" a aplicación realiza os cálculos e traslada os datos ao documento de análise individual de méritos, ás actas e demais documentación do concurso:

### 2.1 Postos docentes universitarios

| Categoría | Dedicación | Inicio | Fin | Duración (dias/meses/anos) | Valorado | Ptos./curso | Total | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Investigador Colaborador Contratado | PARCIAL_P3 | 13/05/2010 | 12/08/2011 | 19/1/1 | Si | 0.75 | 0.8521 | |
| Contrato laboral temporal (posdoctoral, ATER - equivalente Ayudante Doctor) | COMPLETO | 01/09/2012 | 31/08/2013 | 0/0/1 | Si | 2.0 | 2.0 | |
| Profesor Asociado (Vacataire) | PARCIAL_P3 | 01/09/2013 | 31/08/2014 | 0/0/1 | Si | 0.75 | 0.75 | |
| Profesor Titular de Universidad (Maître de Conférences) | COMPLETO | 01/09/2014 | 25/06/2020 | 25/9/5 | Si | 2.0 | 11.6389 | |

**Observacións**

Gardar

b) Bolsas e contratos de investigación posdoutorais de carácter competitivo.- A comisión deberá indicar se o mérito é valorable e, de ser así, asignarlle un coeficiente de afinidade seleccionando o valor correspondente no menú despregable (de acordo, tamén, co establecido no dito baremo e nos criterios de valoración de méritos e probas):




Coma no caso anterior, ao premer en "Gardar" a aplicación realiza os cálculos e traslada as puntuacións ao documento de análise individual de méritos e ás actas do concurso.




c) Bolsas e contratos de investigación predoutorais de carácter competitivo.- O procedemento para a valoración é similar ao indicado para o apartado 2.2.

d) Contratos pre e posdoutorais con cargo a proxectos.- O procedemento para a valoración é similar ao indicado para o apartado 2.2.

e) Colaboración na actividade docente universitaria.- Neste caso, a comisión deberá indicar o número de puntos por curso e o coeficiente de afinidade (de acordo, tamén, co establecido no dito baremo e nos criterios de valoración de méritos e probas). Coma sempre, unha vez asignada a puntuación e a o coeficiente de afinidade, hai que premer no botón "Gardar" para que a aplicación realice os cálculos e traslade a puntuación resultante ao documento de análise individual de méritos, ás actas e demais documentación do concurso:



7. Dentro do apartado de **Calidade docente**, a comisión deberá indicar para cada un dos méritos alegados pola persoa solicitante se este é ou non valorable e, no caso de que si o sexa, a puntuación asignada, sempre de acordo co establecido no baremo e nos criterios de valoración de méritos e probas. Unha vez valorado cada mérito débese premer no boton "Gardar":


3. Calidade docente

Lenda

Méritos non valorables

3.1 Participación en actividades de formación docente

| Nome | Valorado | Ano | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|---|
| Ferramentas e deseño de materiais didácticos para a docencia a distancia | Si | 2018 | 0,5 | |
| Xornadas de Igualdade e Retos en Educación | Si | 2020 | 0,5 | |

3.2 Elaboración de materiais docentes

Gardar

Non hai elaboración de materiais docentes.

3.3 Realización de estadías de formación docente

Non hai realizacións de estadías de formación docente.

3.4 Participación en actividades de innovación docente.

Non hai participacións en actividades de formación de innovación docente.

Clicando sobre o ollo da columna de "Accións" (3), a comisión pode ver a información detallada do mérito alegado e a documentación acreditativa:


Participación en actividades de formación docente

Denominación da actividade

Ferramentas e deseño de materiais didácticos para a docencia a distancia

Institución

Centro de Tecnologías para a Aprendizaxe da Universidade de Santiago de Compostela

Data de fin

20/06/2018

Data de fin

31/07/2018

Resumo e indicios de calidade

Curso de formación é para os profesores do Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións da USC e UDC, que ten unha modalidade de estudo a distancia.
Obxectivos do curso:
Adquirir os coñecementos necesarios para usar Aula Cesga como plataforma docente no Mestrado en Computación de Altas Prestacións
Adquirir os coñecementos necesarios para elaborar materiais educativos aplicables a modalidade presencial pero especialmente á modalidade a distancia
Coñecer e levar á práctica as distintas posibilidades para integrar os materiais creados nas plataformas docentes, e máis en concreto en Aula Cesga.
Coñecer diferentes estratexias e ferramentas online para facilitar a interación cos participantes, a titorización virtual e a avaliación remota.
Temporalización:
4 horas presenciais o 20 de xuño de 2018 de 9:30 a 11:30 e de 12:00 a 14:00
12 horas en modalidade a distancia a través da plataforma Aula Cesga.
Impartido pola Área de E-learning e Colaboración do Centro de Supercomputación de Galicia.

Documentación acreditativa

Certificado CeTA-USC Curso PFID-2018 (16h).pdf

No caso de que a comisión considere que algún dos méritos non é valorable (por exemplo, porque non está correctamente acreditado ou ben porque a comisión considera que non encaixa dentro do apartado), deberá indicarse o motivo no recadro correspondente da ventá que se abre na aplicación:




8. No apartado de **Experiencia investigadora** deberase actuar de xeito similar ao descrito anteriormente para Calidade docente:

a) Publicacións científicas.- A comisión terá que determinar se o mérito é ou non valorable dentro deste apartado (e en caso negativo indicar o motivo), e ademais, no caso de que si o sexa, asignar a puntuación que considere, sempre de acordo co baremo e cos criterios de valoración de méritos e probas:

**4.1 Publicacións científicas. Máximo 15 publicacións.**

| Tipo | Título e identificación | Ano | Valorado | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|---|---|
| Artigo | Probabilistic Policy Reuse for Inter-task Transfer Learning. Fernando Fernández, Javier García and Manuela Veloso, Probabilistic Policy Reuse for inter-task transfer learning, Robotics and Autonomous Systems. Volume 58, Issue 7, 31 July 2010, Pages 866-871. DOI: https://doi.org/10.1016/j.robot.2010.03.007 | 2010 | Si | 2 | |

A comisión poderá ver o detalle de cada mérito e a documentación acreditativa clicando no ollo da columna de "Accións":



Solicitude para o proceso de selección de PDI

Ano: 2020
Convocatoria DOG: Convocatoria concurso público de prazas de PDI Contratado (concursos 1001 a 1053/20-21)
Categoría: Profesorado axudante doutor (1020/20-21)
Fin do prazo: -

Publicacións científicas

Tipo: Artigo
Título: Probabilistic Policy Reuse for Inter-task Transfer Learning

Identificación da publicación: Fernando Fernández, Javier García and Manuela Veloso. Probabilistic Policy Reuse for inter-task transfer learning, Robotics and Autonomous Systems. Volume 58, Issue 7, 31 July 2010, Pages 866-871. DOI: https://doi.org/10.1016/j.robot.2010.03.007

Ano de publicación: 2010

Identificación da publicación: El candidato ocupe la posición 2/3 en la lista de autores. En cuanto a la calidad de la revista, se encuentra incluida en el JCR del ISI 2010, ocupa el cuartil Q2, con un factor de impacto 1,313, no 24/60 en Automation & Control Systems. Citas: 82 (Google Schoar). El artículo se encuentra entre el top 20% de trabajos con un mayor número de citas en el área de Computer Science a nivel mundial (inCites Essential Indicators - Thomsom Reuters). La investigación desarrollada en este artículo se llevó a cabo en colaboración con Manuela Veloso (Herbert A. Simon University Professor en Carnegie Mellon y líder del grupo Machine Learning en esta universidad, actualmente también líder de la división de AI en JPMorgan, una de las mayores compañías financieras del mundo). ----------------------------------------

El controlador, que generalmente va implementado en el software del robot, recibe datos de varios sensores, los procesa y calcula los nuevos comandos de acción que enviará a los actuadores. Cuando las tareas del robot u otros sistemas autónomos son preprogramadas y el entorno no cambia significativamente, existen métodos muy conocidos para diseñar tales sistemas de control. Sin embargo en situaciones desconocidas que no pueden preprogramarse a priori o en entornos más complejos de los

Documentación acreditativa: Investigacion_publicaciones_SafeProbabilisticRAS.pdf

ou

DOI, referencia ao repositorio onde está publicado: DOI, referencia ao repositorio onde está publicado

Unha vez valorados os méritos débese premer no botón "Gardar". Deste xeito, as puntuacións asignadas trasládanse ao documento de análise individual de méritos, ás actas e demais documentación do concurso.

b) Participación en congresos e reunións científicas.- O procedemento para a valoración deste subapartado é similar ao indicado para as publicacións.

c) Participación en proxectos competitivos.- O procedemento para a valoración deste subapartado é similar ao indicado para as publicacións.

d) Participación en convenios e contratos non competitivos.- O procedemento para a valoración deste subapartado é similar ao indicado para as publicacións.

e) Estadías de investigación.- Neste caso, a comisión deberá indicar en primeiro lugar se a estadía é ou non valorable e premer no botón "Gardar". A aplicación realiza os cálculos en función da duración da estadía. Non obstante, a comisión debe ter en conta que as datas de inicio e finalización que aparecen na aplicación son as que indica a persoa aspirante na súa solicitude e non son verificadas polo Servizo de Planificación. Por esta razón, a comisión deberá verificar os datos e, se é necesario, indicar a duración efectiva da estadía. Para iso, deberá clicar no ollo, introducir a duración efectiva na pantalla que se abre a continuación e sinalar no campo de observacións cal é a razón da corrección realizada:



Documentación acreditativa: contract LIT.pdf

Valoración

Duración/meses: 17,6220
Duración efectiva(meses): 16

Observacións: Corríxese a duración efectiva á vista das datas de inicio e finalización recollidas na acreditación do mérito.

Gardar

A aplicación realiza os cálculos tendo en conta a duración efectiva da estadía; de ser o caso, normaliza as puntuacións no caso de que algún dos candidatos supere a puntuación máxima asignada a este subapartado, e traslada os resultados ao documento de análise individual de méritos, ás actas e demais documentación do concurso:



4.5 Estadías de investigación. Máximo 3 estadías.

| País/Institución | Valorado | Inicio/Fin | Duración/meses | Duración efectiva(meses) | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Irlanda/Limerick Institute of Tecnology (LIT) | Si | 12/03/2014-31/08/2015 | 17.6220 | 16.0000 | 3.2 | |
| Irlanda/Limerick Institute of Tecnology (LIT) | Si | 01/09/2015-30/03/2017 | 18.9372 | 18.9372 | 3.7874 | |
| España/Universidad Autónoma de Madrid (UAM) | Si | 01/04/2017-10/07/2018 | 15.2880 | 15.2880 | 3.0576 | |

Gardar

f) Patentes, rexistros da propiedade intelectual e outras actividades de transferencia.- O procedemento para a valoración deste subapartado é similar ao indicado para as publicacións.

9. No apartado de **Experiencia profesional** deberase proceder do mesmo xeito antes sinalado: a comisión deberá determinar se o mérito é ou non valorable (indicando o motivo en caso de que non o sexa), asignar a puntuación que corresponda de acordo co baremo, e premer no botón "Gardar" :



5.1 Actividade profesional non universitaria.

| Denominación | Inicio/Fin | Valorado | Anos | Duración efectiva(anos) | Puntuación | Total | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade Odontolóxia en Clínica Dental Propia | 01/11/2006-25/06/2020 | Si | 10.0000 | 10.0000 | 5 | 50.0 | |

Gardar

A comisión debe ter en conta que as datas de inicio e finalización que aparecen na aplicación son as que indica a persoa aspirante na súa solicitude e non son verificadas polo Servizo de Planificación. Por esta razón, a comisión deberá verificar os datos e, se é necesario, indicar a duración efectiva dos contratos. Para iso, deberá clicar no ollo, introducir a duración efectiva na pantalla que se abre a continuación e sinalar no campo de observacións cal é a razón da corrección realizada:



10. No apartado de **Outros méritos** a comisión deberá indicar para cada un dos méritos se estes son ou non valorables (indicando, en caso negativo, a razón) e asignarlles a puntuación que consideren, de acordo co establecido no baremo:


6. Outros méritos non valorables en epígrafes anteriores

Lenda

Méritos non valorables

6.1 Coñecementos de linguas estranxeiras.

| Denominación | Valorado | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|
| Ciclo Superior en Inglés da Escola Oficial de Idiomas | Non | | |
| Certificado Trinity College London - Nivel C1.1 Inglés | Si | 0,75 | |
| Certificado Ruso Niveis 1 a 4 do Centro de Linguas Modernas da USC | Si | 0,75 | |

Gardar

6.2 Outras titulacións universitarias oficiais.

Non existen elementos asociados.

6.3 Outras titulacións e diplomas, como o grao de licenciatura e outros.

| Denominación | Valorado | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|
| Grao de Licenciatura en Física | Si | 0,5 | |
| Diploma de Estudos Avanzados | Si | 0,5 | |

Gardar

11. Unha vez valorados todos os apartados da solicitude, seleccionando a opción correspondente no menú que aparece á dereita da pantalla pódese ver un resumo da puntuación obtida polo candidato en cada un dos apartados e subapartados e un resumo final:




12. Logo de concluída a valoración de todas as persoas aspirantes, e no caso de que algunha delas supere a puntuación máxima nalgún dos apartados, a aplicación normaliza de xeito automático a puntuación correspondente de todas as persoas aspirantes.

13. Unha vez comprobado que todas as persoas aspirantes foron valoradas nesta primeira fase, a comisión deberá proceder a elaborar a acta correspondente, para o que se deberá clicar no elemento "Acta de valoración da primeira fase", situado no menú que aparece á dereita da pantalla:




Ao facelo, aparecerán relacionadas as persoas aspirantes coa puntuación obtida na primeira fase. A comisión terá que indicar cales destas persoas superan a primeira fase (de acordo, naturalmente, co establecido nos criterios de valoración de méritos e probas) (1). Unha vez feito isto, deberase premer no comando "Editar a acta" (2):



Ao marcar "Editar a acta" ábrese un formulario co fin de que o/a secretario/a poida completar os datos necesarios para a elaboración da acta da primeira fase:



Datos xerais da convocatoria

| Ano | Código | Procedemento | Data de publicación |
|---|---|---|---|
| 2020 | 0001/20-21 | Ordinario | 12/06/2020 |

Concurso

| Código | Ano | Categoría | Número de prazas |
|---|---|---|---|
| 1020/20-21 | 2020 | Profesorado axudante doutor | 1 |

Acta de valoración da primeira fase

Datos xerais

Acordo da comisión por: Unanimidade

Data e hora de inicio da reunión: 07/09/2020 19:47

Data e hora de fin da reunión: 08/09/2020 19:47

Telemático

Localidade da reunión: Santiago de Compostela

Centro de actuación: Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Membros asistentes á reunión

| Cargo | Persoa | Asistiu |
|---|---|---|

Incidencias e observación

Incidencias e observación

Convocatoria para a celebración da segunda fase do concurso

Orden de intervención individual

Lugar: Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Localidade: Santiago de Compostela

Listaxe de solicitantes que superaron a primeira fase

| Documento de identidade | Nome | Apelidos | Puntuación | Data de chamada segunda fase | Orde de chamada segunda fase |
|---|---|---|---|---|---|
| [redacted] | [redacted] | | 71.9606 | 14/09/2020 10:00 | 1 |
| [redacted] | [redacted] | | 65.4072 | 14/09/2020 12:00 | 2 |

Gardar

Así, deberase precisar se o acordo da comisión foi adoptado por unanimidade ou por maioría, indicar o lugar e data de celebración das sesións, marcar os membros da comisión que participaron nas deliberacións, e indicar os datos necesarios para a celebración da segunda fase do concurso, así como a listaxe de aspirantes convocados e a súa orde de intervención.

Á hora de fixar a data de inicio da segunda fase é conveniente que a comisión teña presente que esta non poderá iniciarse antes de transcorridos dous días desde a convocatoria, agás renuncia expresa a este prazo de todas as persoas aspirantes. Por outra banda, no caso de que a comisión entenda que poden ser necesarias dúas ou máis sesións para desenvolver a segunda fase, é aconsellable que para cada unha delas se convoque unicamente as persoas aspirantes que a comisión prevexa que van ter que actuar.

Unha vez completados todos estes datos pódese descargar o borrador da acta para a súa revisión. No caso de detectarse algún erro é posible editar novamente a acta e corrixilo.

Logo de revisado o borrador, procede pechar a acta e enviala a asinar. Para iso débese marcar "Enviar a asinar" dentro do menú que aparece á dereita da pantalla:




Ao facelo, créase un fluxo de sinatura para que o/a presidente e o/a secretario/a asinen a acta a través do portasinaturas corporativo. Ao mesmo tempo, asínanse os documentos de análise individual de méritos de cada unha das persoas aspirantes presentadas no concurso. Ademais, na aplicación aparece unha mensaxe de confirmación.




Unha vez asinada a acta, esta publícase de xeito automático no taboleiro electrónico da Universidade. Ademais, a aplicación remite, tamén de xeito automático, un correo electrónico informativo ás persoas aspirantes que superaron a primeira fase. **É conveniente que a comisión revise os documentos antes de proceder á súa sinatura co fin de comprobar que están correctos**.

**b) Segunda fase**

1. A segunda fase consiste na presentación oral en sesión pública, por parte das persoas candidatas, durante un tempo máximo de vinte minutos, dun proxecto de actividades docentes correspondente á materia que determine a convocatoria. Con carácter xeral, o proxecto debe corresponder, consonte o indicado no perfil da praza, a unha materia de formación básica ou obrigatoria das cursadas para a obtención dun título de grao impartido na USC, agás no caso das prazas de profesorado asociado, en que a convocatoria poderá establecer outro tipo de perfil.

Para realizar a súa presentación, as persoas aspirantes poderán utilizar un proxector de vídeo e un ordenador. De precisar algún outro material de apoio ou ferramenta informática, deberano facer saber con antelación suficiente á persoa que ocupe a presidencia da comisión.

Unha vez realizada a presentación de cada aspirante, a comisión debaterá con el ou ela sobre o contido da súa exposición por un espazo máximo de trinta minutos.

A comisión valorará a presentación tendo en conta os contidos e o dominio da materia, a claridade expositiva e a capacidade de resposta da persoa candidata ás cuestións que se lle formulen, e sempre de acordo co establecido nos *Criterios para a valoración de méritos e probas*.

2. Para poder proceder á valoración da segunda fase, deberase seleccionar o comando correspondente no menú situado á dereita da pantalla (1):




No caso de que non transcorrese o prazo de dous días desde a publicación da acta da primeira fase, aparecerá unha mensaxe advertindo desta circunstancia. De acordo co Regulamento será posible obviar este requisito se todas as persoas candidatas renuncian expresamente. De ser este o caso, a comisión deberá subir a través da aplicación un pdf cos escritos de renuncia das persoas candidatas:




3. Antes de iniciar as presentacións da segunda fase, as persoas candidatas deberán entregar aos membros da comisión un resumo ou esquema do seu proxecto, de acordo cos requirimentos que estableza a convocatoria. Este resumo ou esquema deberá ser escaneado pola comisión e incorporado ao expediente conforme se indica máis adiante. As persoas aspirantes non terán que entregar en ningún momento o texto completo do proxecto.

4. Para acceder ao formulario de valoración da cada unha das persoas candidatas, a comisión deberá primeiro seleccionar o seu nome:




A seguir, introducirase a valoración do proxecto de actividades docentes (1) e subirase á aplicación o pdf do resumo presentado pola persoa aspirante (2). Ao finalizar a valoración deberase premer no botón "Gardar" (3):




5. Unha vez valoradas todas as persoas aspirantes, a comisión deberá proceder a elaborar a acta da segunda fase. Para iso, terá que seleccionar esta opción no menú da dereita:




6. A seguir, deberase indicar que aspirante ou aspirantes superan esta segunda fase (1). Unha vez seleccionados, marcarase "Editar a acta" (2):




Deste xeito, ábrese o formulario para a elaboración da acta da segunda fase, no que a comisión deberá indicar, do mesmo xeito que no da primeira, se o acordo se adoptou por unanimidade ou por maioría, o lugar e data de celebración da proba, e os membros da comisión que asistiron ás sesións. **No caso de probas en que algún dos membros da comisión actúen por procedementos telemáticos, débese indicar no apartado de Incidencias que membro ou membros da comisión estiveron fisicamente presentes durante a celebración das probas**.

Non é preciso marcar as puntuacións obtidas polas persoas candidatas, porque este dato xa se recupera automaticamente a partir das valoracións individuais. Unha vez cubertos os datos requiridos deberase premer o botón "Gardar":




7. Do mesmo xeito que no caso da primeira fase, a comisión poderá descargar un pdf coa valoración das persoas candidatas, o borrador da acta da segunda fase e o borrador da acta final. Unha vez revisados os borradores, pódese editar de novo a acta para, se é o caso, facer os cambios oportunos e volver a descargar os ditos documentos. Cando a comisión considere que os datos introducidos son correctos, a acta péchase e envíase a asinar marcando o comando correspondente do menú que aparece á dereita da pantalla. Cómpre lembrar que despois de enviala a asinar non será posible introducir modificacións:




Ao enviar a acta a asinar créase un fluxo de sinatura para que o/a presidente/a e o/a secretario/a poidan asinar a acta a través do portasinaturas corporativo. Unha vez asinada por ambos, o sistema publicará de xeito automático a acta da segunda fase e a acta final no taboleiro electrónico e enviará un correo informativo a todos os membros da comisión e ás persoas aspirantes. **É conveniente que a comisión revise os documentos antes de proceder á súa sinatura co fin de comprobar que están correctos.**

## 2.2. Concursos que constan dunha única fase

1. De acordo co que establece o *Regulamento para a selección de profesorado non permanente*, os concursos para a selección de profesorado asociado de Ciencias da Saúde constan dunha única fase, de carácter eliminatorio, consistente na valoración dos méritos e do historial académico, docente, investigador e profesional ou sanitario-asistencial alegados polas persoas candidatas. A comisión de selección ten que valorar os currículos das persoas aspirantes, sempre de acordo cos *Criterios para a valoración de méritos e probas* previamente elaborados pola comisión e publicados no taboleiro electrónico.

2. A valoración dos méritos correspondente a esta fase única realízase a través da aplicación informática. En liñas xerais, o funcionamento da aplicación para a valoración dos méritos nos concursos que constan dunha única fase é semellante ao descrito para a primeira fase dos concursos que constan de dúas fases. En calquera caso, a seguir descríbense os pasos que deben seguir as comisións de selección para a valoración dos méritos.

3. En primeiro lugar, o/a presidente ou o/a secretario/a da comisión deberá acceder á aplicación, a través do procedemento antes sinalado, e seleccionar o concurso premendo no botón correspondente na columna de "Accións":




4. Para comezar coa valoración dos currículos das persoas aspirantes deberase seleccionar "Fase 1ª" no menú situado á dereita da pantalla.




5. Para iniciar o proceso de valoración, deberase seleccionar de entre a relación de candidaturas presentadas a que se vai valorar en primeiro lugar:




6. Unha vez seleccionada a persoa candidata que se vai valorar, na pantalla móstranse os méritos alegados por ela. No menú situado á dereita da pantalla

aparecen as diferentes epigrafes do currículo. Premendo sobre cada unha delas visualízanse os méritos presentados dentro da epígrafe de que se trate:




Dentro deste menú aparece tamén a opción "Previsualizar análise individual de méritos". Premendo nela accédese a un documento, que pode ser descargado en formato pdf, onde figuran relacionados todos os méritos alegados pola persoa aspirante, e que pode ser útil como documento de traballo para os membros da comisión.

7. A primeira das epígrafes que deberá valorar a comisión é a correspondente ao **rendemento académico**. Nos apartados correspondentes á valoración do expediente académico de grao e máster ou ben de licenciatura, así como ao do doutoramento, a comisión terá que indicar unicamente o coeficiente de afinidade correspondente a cada un dos méritos alegados. A verificación da documentación acreditativa e a valoración do expediente académico de cada un dos títulos é realizada polo Servizo de Planificación de PDI e non pode ser modificada directamente pola comisión.




En todo caso, a comisión poderá acceder á descrición completa do mérito alegado e á documentación acreditativa correspondente clicando no ollo que aparece na columna de "Accións".

Unha vez asignado o coeficiente de afinidade no recadro correspondente, débese premer no botón "Gardar". A aplicación realiza as operacións correspondentes e traslada os datos ao documento de análise individual de méritos, ás actas e demais documentación do concurso.




Cando o Servizo de Planificación de PDI marcou un mérito como "non valorable" (por exemplo, porque non está correctamente acreditado), este aparece destacado cun sombreado e queda bloqueado, de xeito que non é posible que a comisión lle asigne ningunha puntuación. En todo caso, clicando no ollo que aparece na columna de "Accións" a comisión poderá acceder á descrición completa do mérito que realizou a persoa aspirante e á documentación acreditativa correspondente.

8. Dentro do subapartado de Premios e mencións, a comisión deberá asignar unha puntuación a cada un dos méritos valorables, sempre de acordo co establecido nos criterios de valoración aprobados, e clicar no botón "Gardar":




9. Dentro do apartado de traxectoria académica valoraranse os **postos desempeñados no ámbito da Universidade ou de Organismos Públicos de Investigación**. Para iso a comisión de selección deberá valorar os méritos que

previamente foron verificados (tanto no tocante á súa acreditación como á comprobación das datas) polo Servizo de Planificación de PDI.

Como se indicou anteriormente, cando o Servizo de Planificación considera que algún dos méritos alegados neste apartado non é valorable á luz da convocatoria, este aparecerá sombreado en cor verdosa e bloqueado, de xeito que a comisión non poderá valoralo:


2.3 Bolsas e contratos de investigación predoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional

| Denominación | Inicio | Fin | Duración (anos) | Valorado | Afinidade | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Programa de Formación del Profesorado Universitario (FPU) | 01/05/2006 | 30/04/2010 | 0.0 | Non | | | |

Observacións

Programa de Formación del Profesorado Universitario (FPU): VALORARANSE UNICAMENTE MÉRITOS ACREDITADOS NOS DEZ ANOS ANTERIORES Á CONVOCATORIA DO CONCURSO

Gardar

No campo de Observacións, o Servizo de Planificación indica a causa pola que considera que o mérito non pode ser valorado.

Deste xeito, a comisión deberá completar en cada subapartado os seguintes datos:

a) Postos docentes universitarios.- A comisión deberá indicar se o mérito é valorable e, de ser así, o número de puntos por ano, seleccionando o valor correspondente no menú despregable (en función sempre do baremo aprobado como anexo ao Regulamento de selección de profesorado non permanente).


2.1 Postos docentes universitarios

| Categoría | Dedicación | Inicio | Fin | Duración (anos) | Valorado | Afinidade | Total | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Investigador Colaborador Contratado | PARCIAL_P3 | 13/05/2010 | 12/08/2011 | 1.1361 | Si | 0.75 | 0.8521 | |
| Contrato laboral temporal (posdoctoral, ATER - equivalente Ayudante Doctor) | COMPLETO | 01/09/2012 | 31/08/2013 | 1.0 | Si | 2.0 | 2.0 | |
| Profesor Asociado (Vacataire) | PARCIAL_P3 | 01/09/2013 | 31/08/2014 | 1.0 | Si | 0.75 | 0.75 | |
| Profesor Titular de Universidad (Maître de Conférences) | COMPLETO | 01/09/2014 | 25/06/2020 | 5.8194 | Si | 0.0 / 1.0 / ✓ 2.0 | 11.6389 | |

Observacións

Gardar

Ao premer no botón "Gardar" a aplicación realiza os cálculos e traslada os datos ao documento de análise individual de méritos, ás actas e demais documentación do concurso:

### 2.1 Postos docentes universitarios

| Categoría | Dedicación | Inicio | Fin | Duración (dias/meses/anos) | Valorado | Ptos./curso | Total | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Investigador Colaborador Contratado | PARCIAL_P3 | 13/05/2010 | 12/08/2011 | 19/1/1 | Si | 0.75 | 0.8521 | |
| Contrato laboral temporal (posdoctoral, ATER - equivalente Ayudante Doctor) | COMPLETO | 01/09/2012 | 31/08/2013 | 0/0/1 | Si | 2.0 | 2.0 | |
| Profesor Asociado (Vacataire) | PARCIAL_P3 | 01/09/2013 | 31/08/2014 | 0/0/1 | Si | 0.75 | 0.75 | |
| Profesor Titular de Universidad (Maître de Conférences) | COMPLETO | 01/09/2014 | 25/06/2020 | 25/9/5 | Si | 2.0 | 11.6389 | |

Observacións

Gardar

b) Bolsas e contratos de investigación posdoutorais de carácter competitivo.- A comisión deberá indicar se o mérito é valorable e, de ser así, asignarlle un coeficiente de afinidade seleccionando o valor correspondente no menú despregable (de acordo, tamén, co establecido no dito baremo e nos criterios de valoración de méritos e probas):

### 2.2 Bolsas e contratos de investigación posdoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional

| Denominación | Inicio | Fin | Duración (anos) | Valorado | Afinidade | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| INRIA Post-doctoral research fellowships | 01/10/2009 | 31/03/2011 | 0.7694 | Si | ✓ 0.0 / 0.5 / 1.0 | | |

Observacións

Gardar

Coma no caso anterior, ao premer en "Gardar" a aplicación realiza os cálculos e traslada as puntuacións ao documento de análise individual de méritos e ás actas do concurso.

### 2.2 Bolsas e contratos de investigación posdoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional

| Denominación | Inicio | Fin | Duración (anos) | Valorado | Afinidade | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| INRIA Post-doctoral research fellowships | 01/10/2009 | 31/03/2011 | 0.7694 | Si | 1.0 | 1.5389 | |

Observacións

Gardar

c) Bolsas e contratos de investigación predoutorais de carácter competitivo.- O procedemento para a valoración é similar ao indicado para o apartado 2.2.

d) Contratos pre e posdoutorais con cargo a proxectos.- O procedemento para a valoración é similar ao indicado para o apartado 2.2.

e) Colaboración na actividade docente universitaria.- Neste caso, a comisión deberá indicar se o mérito é valorable e, de ser así, o número de puntos por curso e o coeficiente de afinidade (de acordo, tamén, co establecido no dito baremo e nos criterios de valoración de méritos e probas). Coma sempre, unha vez asignada a puntuación e a o coeficiente de afinidade, hai que premer no botón "Gardar" para que a aplicación realice os cálculos e traslade a puntuación resultante ao documento de análise individual de méritos, ás actas e demais documentación do concurso:

2.5 Colaboración na actividade docente universitaria, en prácticas externas, como colaborador ou titor docente e noutras colaboracións

| Denominación | Inicio | Fin | Duración (anos) | Valorado | Ptos./curso | Afinidade | Total | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Colaborador Docente en el Área de Conocimiento de Cirugía | 01/09/2005 | 31/08/2021 | 10.0 | Si | 1,5 | 1.0 | 15.0 | |

Observacións

Gardar

f) Participación na ECOE.- A comisión deberá indicar unicamente se o mérito é ou non valorable (e en caso negativo, indicar a causa) e premer en "Gardar". A aplicación asigna a puntuación correspondente e trasládaa á análise individual de méritos e ás actas e demais documentación do concurso:

2.6 Participación na ECOE (só áreas clínicas)

| Denominación | Inicio | Fin | Duración (anos) | Valorado | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Participación ACOE | 10/05/2014 | 10/05/2014 | 0.0028 | Si | 1.0 | |
| PArticipación ACOE | 09/05/2015 | 09/05/2015 | 0.0028 | Si | 1.0 | |
| Participación ACOE | 07/07/2016 | 07/07/2016 | 0.0028 | Si | 1.0 | |
| Participación ACOE | 08/05/2017 | 08/05/2017 | 0.0028 | Si | 1.0 | |
| Participación ACOE | 05/05/2018 | 05/05/2018 | 0.0028 | Si | 1.0 | |

Observacións

Gardar

g) Dirección ou codirección de traballos académicos.- A comisión deberá indicar se o mérito é ou non valorable e, de ser así, asignar a puntuación que considere, sempre de acordo cos criterios aprobados. Coma sempre, unha vez feito isto, deberase premer no botón "Gardar" para que a aplicación traslade as puntuacións á análise individual de méritos e ás actas e demais documentación do concurso:




10. Dentro do apartado de **Calidade docente**, a comisión deberá indicar para cada un dos méritos alegados pola persoa solicitante se este é ou non valorable e, no caso de que si o sexa, a puntuación asignada, sempre de acordo co establecido no baremo e nos criterios de valoración de méritos e probas. Unha vez valorado cada mérito débese premer no boton "Gardar":




Clicando sobre o ollo da columna de "Accións" (3), a comisión pode ver a información detallada do mérito alegado e a documentación acreditativa.

No caso de que a comisión considere que algún dos méritos non é valorable (por exemplo, porque non está correctamente acreditado ou ben porque a comisión

considera que non encaixa dentro do apartado), deberá indicarse o motivo no recadro correspondente da ventá que se abre na aplicación:




11. No apartado de **Experiencia investigadora** deberase actuar de xeito similar ao descrito anteriormente para Calidade docente:

a) Publicacións científicas.- A comisión terá que determinar se o mérito é ou non valorable dentro deste apartado (e en caso negativo indicar o motivo), e ademais, no caso de que si o sexa, asignar a puntuación que considere, sempre de acordo co baremo e cos criterios de valoración de méritos e probas:



4.1 Publicacións científicas.

| Tipo | Título e identificación | Ano | Valorado | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|---|---|
| Artigo | | 2009 | Si | 1,5 | |
| Capítulo de libro | | 2012 | Si | 1,2 | |
| Capítulo de libro | | 2012 | Si | 1,0 | |

A comisión poderá ver o detalle de cada mérito e a documentación acreditativa clicando no ollo da columna de "Accións".

Unha vez valorados os méritos débese premer no botón "Gardar". Deste xeito, as puntuacións asignadas trasládanse ao documento de análise individual de méritos, ás actas e demais documentación do concurso.

b) Participación en congresos e reunións científicas.- O procedemento para a valoración deste subapartado é similar ao indicado para as publicacións.

c) Participación en proxectos competitivos.- O procedemento para a valoración deste subapartado é similar ao indicado para as publicacións.

d) Participación en convenios e contratos non competitivos.- O procedemento para a valoración deste subapartado é similar ao indicado para as publicacións.

e) Estadías de investigación.- Neste caso, a comisión deberá indicar en primeiro lugar se a estadía é ou non valorable e premer no botón "Gardar". A aplicación realiza os cálculos en función da duración da estadía. Non obstante, a comisión debe ter en conta que as datas de inicio e finalización que aparecen na aplicación son as que indica a persoa aspirante na súa solicitude e non son verificadas polo Servizo de Planificación. Por esta razón, a comisión deberá verificar os datos e, se é necesario, indicar a duración efectiva da estadía. Para iso, deberá clicar no ollo, introducir a duración efectiva na pantalla que se abre a continuación e sinalar no campo de observacións cal é a razón da corrección realizada:




A aplicación realiza os cálculos tendo en conta a duración efectiva da estadía; de ser o caso, normaliza as puntuacións no caso de que algún dos candidatos supere a puntuación máxima asignada a este subapartado, e traslada os resultados ao documento de análise individual de méritos, ás actas e demais documentación do concurso.

f) Patentes, rexistros da propiedade intelectual e outras actividades de transferencia.- O procedemento para a valoración deste subapartado é similar ao indicado para as publicacións.

12. No apartado de **Experiencia profesional** deberase proceder do mesmo xeito antes sinalado: a comisión deberá determinar se o mérito é ou non valorable (indicando o motivo en caso de que non o sexa), asignar a puntuación que corresponda de acordo co baremo, e premer no botón "Gardar". A aplicación realiza os cálculos, normaliza as puntuacións no caso de que algún dos candidatos supere a puntuación máxima asignada a este subapartado, e traslada os resultados ao documento de análise individual de méritos, ás actas e demais documentación do concurso:




A comisión debe ter en conta que as datas de inicio e finalización que aparecen na aplicación son as que indica a persoa aspirante na súa solicitude e non son verificadas polo Servizo de Planificación. Por esta razón, a comisión deberá verificar os datos e, se é necesario, indicar a duración efectiva dos contratos. Para iso, deberá clicar no ollo, introducir a duración efectiva na pantalla que se abre a continuación e sinalar no campo de observacións cal é a razón da corrección realizada:




13. No apartado de **Habilitación ou acreditación para figuras de profesorado e corpos docentes universitarios** a comisión deberá indicar para cada un dos méritos se estes son ou non valorables (indicando, en caso negativo, a razón) e asignarlles a puntuación que considere, sempre de acordo co establecido no baremo. Debe terse en conta, en todo caso, que en caso de que a persoa candidata presente acreditacións para distintas figuras de profesorado ou corpos docentes, unicamente deberá valorarse a de maior categoría:


6. Habilitación ou acreditación para figuras de profesorado e corpos docentes universitarios

Lenda
Méritos non valorables
Méritos non gardados

| Denominación | Valorado | Puntuación | Total | Accións |
|---|---|---|---|---|
| ACREDITACION PARA PROFESOR AYUDANTE DOCTOR - ANECA | Non | | | |
| ACREDITACION PARA PROFESOR CONTRATADO DOCTOR - ANECA | Si | 7 | 7.0 | |
| ACREDITACION PARA PROFESOR DE UNIVERSIDAD PRIVADA - ANECA | Non | | | |

Gardar

14. No apartado de **Outros méritos** a comisión deberá indicar para cada un dos méritos se estes son ou non valorables (indicando, en caso negativo, a razón) e asignarlles a puntuación que considere, de acordo co establecido no baremo:


7. Outros méritos non valorables en epígrafes anteriores

Lenda
Méritos non valorables
Méritos non gardados

7.1 Coñecementos de linguas estranxeiras.

| Denominación | Valorado | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|
| Goethe-Zertificat B1 (Alemán) | Si | 0,7 | |
| Centro de linguas modernas USC Inglés C1 (2015/2016) | Si | 0,8 | |

Gardar

15. Unha vez valorados todos os apartados da solicitude, seleccionando a opción correspondente no menú que aparece á dereita da pantalla pódese ver un

resumo da puntuación obtida polo candidato en cada un dos apartados e subapartados e un resumo final:



Datos do solicitante

| Documento de identidade | Nome | Suspensión de actividade |
|---|---|---|
| | | Non |

Resumo final

| | |
|---|---|
| 1. Rendemento académico | 9.0182 |
| 2. Postos desempeñados no ámbito da universidade ou de organismos públicos de investigación | 15.0000 |
| 3. Calidade docente | 3.4000 |
| 4. Experiencia investigadora | 9.5500 |
| 5. Experiencia profesional | 24.8083 |
| 6. Habilitación ou acreditación para figuras de profesorado e corpos docentes universitarios | 7.0000 |
| 7. Outros méritos non valorables en epígrafes anteriores | 2.3000 |
| **Total** | **71.0765** |

16. Logo de concluída a valoración de todas as persoas aspirantes, e no caso de que algunha delas supere a puntuación máxima nalgún dos apartados, a aplicación normaliza de xeito automático a puntuación correspondente de todas as persoas aspirantes.

17. Unha vez comprobado que todas as persoas aspirantes foron valoradas, a comisión deberá proceder a elaborar a acta correspondente, para o que se deberá clicar no elemento "Acta de valoración da primeira fase", situado no menú que aparece á dereita da pantalla:




Ao facelo, aparecerán relacionadas as persoas aspirantes coa puntuación obtida por cada unha delas. A comisión terá que indicar cales destas persoas superan a fase única do concurso (de acordo, naturalmente, co establecido nos criterios de valoración de méritos e probas) (1). Unha vez feito isto, deberase premer no comando "Editar a acta" (2):



Concurso 21-22) / Solicitudes do concurso / Listaxe de solicitantes admitidos do concurso

## Datos xerais da convocatoria

| Ano | Código | Procedemento | Data de publicación |
|---|---|---|---|
| 2021 | 0003/21-22 | Ordinario | 26/05/2021 |

## Concurso

| Código | Ano | Categoría | Número de prazas |
|---|---|---|---|
| /21-22 | 2021 | Profesorado asociado de Ciencias da Saúde | 1 |

## Listaxe de solicitantes admitidos do concurso

| Documento de identidade | Nome | Apelidos | Puntuación | Supera fase |
|---|---|---|---|---|
| | | | 74.4765 | Si ☑ |
| | | | 63.3777 | Si ☑ |
| | | | 61.3845 | Si ☑ |
| | | | 51.3994 | Si ☑ |
| | | | 47.7879 | Non ☐ |

Accións

Editar a acta

Outras accións

Listaxe de Concursos

Módulos

**Módulo de valoración para os procesos de selección PDI**



Ao marcar "Editar a acta" ábrese un formulario co fin de que o/a secretario/a poida completar os datos necesarios para a elaboración da acta da primeira fase:



## Datos xerais da convocatoria

| Ano | Código | Procedemento | Data de publicación |
|---|---|---|---|
| 2021 | 0003/21-22 | Ordinario | 26/05/2021 |

## Concurso

| Código | Ano | Categoría | Número de prazas |
|---|---|---|---|
| 5011/21-22 | 2021 | Profesorado asociado de Ciencias da Saúde | 1 |

## Acta de valoración da primeira fase

Datos xerais

**Acordo da comisión por:** Unanimidade

**Data e hora de inicio da reunión:** 07/09/2021 9:00

**Data e hora de fin da reunión:** 07/09/2021 21:40

☐ Telemático

**Localidade da reunión:** Santiago de Compostela

**Centro de actuación:** Facultade de Medicina e Odontoloxía

Membros asistentes á reunión

| Cargo | Persoa | Asistiu |
|---|---|---|
| Presidente | | ☑ |
| Secretario | | ☑ |
| 1º vogal | | ☑ |
| 2º vogal | | ☑ |
| 3º vogal | | ☑ |

**Incidencias e observación**

Incidencias e observación

Gardar

Así, deberase precisar se o acordo da comisión foi adoptado por unanimidade ou por maioría, indicar o lugar e data de celebración das sesións e marcar os membros da comisión que participaron nas deliberacións.

Unha vez completados todos estes datos débese premer en "Gardar". A seguir, pódese descargar o borrador da acta para a súa revisión. No caso de detectarse algún erro é posible editar novamente a acta e corrixilo:




18. Logo de revisado o borrador, procede pechar a acta e enviala a asinar. Para iso débese marcar "Enviar a asinar" dentro do menú que aparece á dereita da pantalla:




Ao facelo, créase un fluxo de sinatura para que o/a presidente e o/a secretario/a asinen a través do portasinaturas corporativo o documento de valoración da fase única do concurso, a acta da fase única e a proposta de provisión, xunto cos documentos análise individual de méritos de cada unha das persoas aspirantes presentadas no concurso e a proposta de provisión. Ademais, na aplicación aparece unha mensaxe de confirmación.

Unha vez asinadas a actas, estas publícanse de xeito automático no taboleiro electrónico da Universidade. Ademais, a aplicación remite, tamén de xeito automático, un correo electrónico informativo ás persoas aspirantes que superaron a primeira fase. **É conveniente que a comisión revise os documentos antes de proceder á súa sinatura co fin de comprobar que están correctos**.

# II. ORIENTACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DOS CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS E PROBAS

O *Regulamento de selección de profesorado non permanente* da Universidade de Santiago de Compostela establece no seu artigo 17 que no acto de constitución, e antes de acceder á documentación achegada polas persoas aspirantes, as comisións de selección deben aprobar e publicar no taboleiro electrónico os criterios de valoración dos méritos e, no caso de procesos que consten de dúas fases, os criterios para o acceso das persoas aspirantes á segunda delas.

Por outra banda, este mesmo texto crea, no seu artigo 6, unha Comisión de Asesoramento para a Contratación de Profesorado, coa composición e funcións sinaladas no artigo 7. Entre estas últimas cómpre salientar a de "fixar e homoxeneizar os criterios de actuación que deben rexer o procedemento de selección".

Co ánimo de cumprir con esta encomenda, a Comisión de Asesoramento para a Contratación de Profesorado considerou que podería resultar útil elaborar un documento que puidese servirlles ás comisións de selección como referencia e orientación para a elaboración dos criterios de valoración de méritos e probas.

Para iso, este documento segue a estrutura do baremo e recolle para cada unha das súas epígrafes e subepígrafes, ademais dos contidos de carácter normativo establecidos no *Regulamento* citado, toda unha serie de cuestións que, en opinión da Comisión de Asesoramento, as comisións de selección deberían ter presentes á hora de elaborar e aprobar os seus criterios. O obxectivo do documento non é, pois, proporcionarlles ás comisións uns criterios, senón sinalar sobre que aspectos considerados relevantes debe pronunciarse a comisión de selección cando elabore eses criterios.

Por outra banda, este documento concíbese tamén como texto aberto, que deberá irse arrequentando con novas achegas a partir das dúbidas e suxestións que presenten as comisións de selección ou calquera outra das instancias implicadas nos procesos de selección.

# 1. Profesorado axudante doutor

Os concursos para a selección de prazas de profesorado axudante doutor constarán de dúas fases, tal e como establece o artigo 19.1 do Regulamento de selección de PDI non permanente.

A primeira fase ten carácter eliminatorio e consiste na valoración dos méritos e historial académico, docente, investigador e, de ser o caso, profesional ou sanitario-asistencial alegados polas persoas aspirantes á praza. A segunda fase consiste na presentación oral por parte da persoa aspirante á praza dun proxecto de actividades docentes correspondente á materia que determine a convocatoria.

## PRIMEIRA FASE: VALORACIÓN DO CURRÍCULUM

### Criterios de carácter xeral

1. Un mesmo mérito non poderá ser valorado en máis dun apartado. Cando un un mesmo ítem apareza alegado en dous ou máis apartados, a comisión valorarao soamente naquel que considere máis acaído.

2. En varios dos apartados do baremo establécese un período de referencia para a valoración dos méritos. En consecuencia, os méritos alegados que queden fóra dese período non poderán ser valorados. Non obstante, estes períodos deberán ampliarse naqueles casos, debidamente xustificados, en que ao longo do período de referencia se producisen situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade. Cando algunha destas circunstancias concorra nalgunha das persoas aspirantes a unha praza, o Servizo de Planificación de PDI indicarao na documentación que se achegue á comisión de selección.

3. Cando os méritos alegados (por exemplo, un proxecto de investigación ou unha estadía) teñan unha data de inicio anterior á do período de referencia e rematen dentro deste, valorarase unicamente o período incluído dentro do período de referencia.

4. Para cada apartado dos baremos establécese unha valoración máxima. Nalgúns apartados, sen embargo, é posible que algunha das persoas candidatas supere ese valor máximo. De ser este o caso, deberá normalizarse a puntuación obtida por todas as persoas aspirantes nese mesmo apartado. A aplicación informática para a xestión dos procesos de selección de PDI realiza de xeito automático esta normalización.

5. En varios dos apartados e subapartados a comisión de selección debe indicar, de xeito motivado, con que criterio vai determinar se os méritos alegados son da máxima relevancia para a área da praza en concurso ou se, pola contra, a súa valoración debe ser corrixida ou minorada por se tratar de méritos asociados a unha área afín. En calquera caso, o punto de referencia para este tipo de ponderacións debe ser a área de coñecemento.

6. Nos concursos de profesorado axudante doutor as prazas convocadas poden ter un perfil xenérico ("materias da área") ou específico (unha determinada materia obrigatoria ou de formación básica da área de coñecemento). De ser este último o caso, o perfil serve unicamente para determinar sobre que materia concreta ten que versar o proxecto de actividades docentes da segunda fase do concurso, e non constitúe, polo tanto, un elemento de referencia para a valoración dos méritos da primeira fase.

# 1. Rendemento académico (máximo 20 puntos)

## 1.1. Expediente académico de grao e máster ou ben de licenciatura (máximo 10 puntos)

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións unha valoración do(s) expediente(s) de acordo co Protocolo de colaboración sobre valoración de expedientes académicos subscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do SUG.

No caso de titulacións que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan á área da praza en concurso, a puntuación non se corrixirá. Pola contra, no caso de titulacións que, segundo o criterio da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,6 ou por 0,3 en función do grao de afinidade. Finalmente, se a titulación non ten ningunha relación coa área da praza en concurso, a valoración será 0.

A comisión deberá determinar a que titulacións se lles aplicarán as correccións sinaladas no parágrafo anterior e cales serán valoradas sen ningún tipo de corrección. A relación dunhas e outras deberá incluírse nos criterios de valoración publicados logo da constitución da comisión.

Dado que non existe un catálogo de titulacións de valor universal, as denominacións das titulacións non poden aplicarse en sentido literal, senón como unha indicación do contido central dos estudos realizados. Correspóndelle á comisión a determinación desta afinidade, utilizando os estándares habituais

na área da praza en concurso. Por exemplo, se se indica que para un determinado concurso non se reducirá a puntuación dos expedientes do Grao en Lingua e Literatura Inglesas, entenderase que o mesmo criterio rexe para calquera outra titulación que teña como núcleo fundamental o estudo da lingua e da literatura inglesas, con independencia da súa denominación (Grao en Estudos Ingleses; Grao en Inglés: Lingua e Literatura, etc.).

Neste apartado 1.1 só se pode valorar un título de grao e de máster ou un de licenciatura. No caso de que unha persoa aspirante inclúa neste apartado máis dun título dalgún destes niveis, a comisión deberá seleccionar aquela titulación que resulte máis vantaxosa para a persoa interesada. Os títulos non valorados neste apartado poderanse trasladar ao apartado de Outros méritos, mais só no caso de que a persoa aspirante non presentase neste apartado o número máximo de méritos permitido polo Regulamento.

### 1.2. Doutoramento (máximo 8 puntos)

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións unha valoración do doutoramento en función da súa cualificación e de acordo coas seguintes equivalencias: Sobresaliente cum laude (8 puntos), Sobresaliente (6 puntos), Notable (4 puntos), Aprobado (2 punto). No caso de que o sistema de cualificación conste únicamente de dous graos a valoración será a seguinte: Apto cum laude (8 puntos), Apto (4 puntos).

No caso de teses de doutoramento que pola súa temática, de acordo co criterio razoado da comisión, correspondan á área da praza en concurso a puntuación non se corrixirá. Pola contra, cando a tese corresponda, segundo o criterio da comisión, a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,6 ou por 0,3 en función do grao de afinidade. Se a tese non ten ningunha relación coa área da praza en concurso, a valoración será 0. O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións a información básica acerca da tese (título, director ou directora) necesaria para a determinación da afinidade.

A comisión deberá determinar con que criterio se aplicarán as correccións sinaladas no parágrafo anterior.

### 1.3. Premios e mencións, como premios extraordinarios, mencións de doutoramento internacional e mencións de calidade a programas de doutoramento (máximo 2 puntos)

As comisións deberán determinar as puntuacións asignadas ás diferentes mencións de calidade, incluídos premios, sempre en función da súa relevancia e do seu ámbito.

# 2. Postos desempeñados no ámbito da Universidade ou de Organismos Públicos de Investigación (máximo 30 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

## 2.1. Postos docentes (máximo 20 puntos)

A valoración realízase en función da duración do posto desempeñado e, cando proceda, da súa dedicación, dependendo de que se trate dun contrato con dedicación a tempo completo, con dedicación P6 ou equivalente, ou con dedicación P3 ou equivalente. Os contratos con dedicacións diferentes das mencionadas valoraranse de xeito proporcional.

Dentro deste apartado serán valorados unicamente postos desempeñados baixo as modalidades de contratación de PDI definidas na LOU, as existentes en Organismos Públicos de Investigación e as equivalentes noutros países. As actividades docentes impartidas baixo outras modalidades de vinculación (como autónomo, como conferenciante, como contratado por obra e servizo...) valoraranse no apartado 6.5. A actividade docente desenvolvida como persoal investigador en formación (predoc ou posdoc) está xa incluída nos apartados 2.2 e 2.3, segundo corresponda.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polos solicitantes dentro das diferentes modalidades contractuais (tempo completo, P6 ou equivalente, P3 ou equivalente). As comisións deberán recoller nos criterios publicados se, en función da docencia impartida, a actividade docente se considera dentro da área ou en área afín, e asignar as puntuacións correspondentes de acordo co seguinte baremo:

2.1.1 *Docencia a tempo completo na área de coñecemento*. Valorarase a razón de 2 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.2 *Docencia a tempo completo nunha área afín*. Valorarase a razón de 1 punto por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.3 *Docencia a tempo parcial na área de coñecemento*, *con dedicación P6 ou equivalente*. Valorarase a razón de 1,5 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.4 *Docencia a tempo parcial nunha área afín*, *con dedicación P6 ou equivalente*. Valorarase a razón de 0,75 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.5 *Docencia a tempo parcial na área de coñecemento*, con dedicación P3 ou equivalente. Valorarase a razón de 0,75 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.6 *Docencia a tempo parcial nunha área afín, con dedicación P3 ou equivalente*. Valorarase a razón de 0,35 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

### 2.2 Bolsas e contratos de investigación posdoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 10 puntos)

Os períodos con bolsa ou contrato posdoutoral (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie, Jóvenes Investigadores-Retos, contratos posdoutorais de ámbito autonómico, etc.) valoraranse a razón de 2 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda. Esta valoración xa abrangue a actividade docente eventualmente realizada pola persoa interesada durante o período de contrato. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polas persoas solicitantes como bolseiras ou contratadas posdoutorais.

### 2.3 Bolsas e contratos de investigación predoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 6 puntos)

Os períodos con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Predoutorais da comunidade autónoma e outros similares) valoraranse a razón de 1,5 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda. Esta valoración xa abrangue a actividade docente eventualmente realizada pola persoa interesada durante o período de contrato. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polas persoas solicitantes como bolseiras ou contratadas predoutorais.

### 2.4 Contratos de investigador/a pre e posdoutoral con cargo a proxectos, contratos e convenios de investigación (máximo 5 puntos).

Os períodos con contrato pre e posdoutoral con cargo a proxectos, contratos e convenios valoraranse a razón de 0,75 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

### 2.5 Colaboración na actividade docente universitaria, en prácticas externas, como colaborador/a ou titor/a docente e noutras colaboracións (máximo 5 puntos).

A colaboración na actividade docente universitaria para a realización de prácticas externas valorarase con ata 1,5 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

A comisión deberá determinar a puntuación asignada ás diferentes actividades de colaboración en función da súa duración, intensidade e relevancia para a praza en concurso.

Por outra banda, no caso de actividades que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

## 3. Calidade docente (máximo 5 puntos)

Valoraranse unicamente 5 méritos seleccionados pola persoa aspirante, correspondentes aos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, é posible que os cinco ítems seleccionados correspondan a actividades de formación docente e, polo tanto, obter a máxima puntuación presentando méritos en só un dos apartados considerados.

### 3.1 Participación en actividades de formación docente

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia, que deberá establecerse tendo en conta o tipo de participación (cursos impartidos fronte a cursos recibidos), a entidade organizadora da actividade (organismos universitarios, asociacións profesionais, outras entidades non universitarias...), a relevancia da actividade, a duración... No caso de actividades reiteradas no tempo (o mesmo curso impartido en varias ocasións), a comisión poderá asignar diferente valoración á primeira edición e ás restantes.

### 3.2 Elaboración de materiais docentes

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de méritos valorables con cadansúa puntuación de referencia, que deberá establecerse tendo en conta o tipo de material de que se trate (manuais ou libros de texto universitarios, capítulos de manuais ou libros de texto, guías docentes, unidades docentes, problemas, etc.), a canle de difusión (editora internacional, editora nacional, autoedición, materiais en rede, etc.), o número de autores/as, a calidade e nivel dos materiais, a relevancia para a área da praza en concurso, etc.

Nos casos de autoría múltipla, se a comisión desexa establecer algún tipo de corrección na puntuación, deberá especificar o criterio con que a vai aplicar. Para iso deberá ter en conta a práctica habitual na área de que se trate.

### 3.3 Realización de estadías de formación docente

Cada unha das estadías presentadas poderá ser valorada con ata 1 punto.

Neste apartado consideraranse unicamente estadías en centros universitarios ou especializados cuxa finalidade principal fose a formación docente superior. As estadías de investigación deberán valorarse no apartado correspondente (4.5).

A comisión deberá establecer o criterio de valoración das estadías de formación docente tendo en conta a súa duración e relevancia.

### 3.4 Participación en actividades de innovación docente

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de méritos valorables con cadansúa puntuación de referencia, que se establecerá tendo en conta a función desempeñada pola persoa solicitante (dirección, coordinación, membro do equipo), a entidade organizadora ou financiadora (programas competitivos de ámbito autonómico, estatal ou internacional), a duración da actividade, etc.

## 4. Experiencia investigadora (máximo 35 puntos)

### 4.1 Publicacións científicas (máximo 20 puntos)

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de quince publicacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 2 puntos. Cando menos dez destas publicacións deberán corresponder aos dez anos anteriores á convocatoria do concurso.

Consideraranse dentro deste apartado só textos efectivamente publicados ou traballos en prensa que consten inequivocamente como aceptados para a súa publicación. Isto último deberá acreditarse mediante unha comunicación remitida pola persoa responsable da revista ou da editorial en que se faga constar a aceptación e o estado da publicación.

Non se valorarán neste apartado:

- Publicacións de divulgación, difusión, opinión, etc., que poderán ser considerados no apartado *6.7. Outras actividades e transferencia e divulgación*.

- Materiais docentes publicados (libros de texto, manuais de prácticas, etc.), que poderán valorarse no apartado *3.2. Elaboración de materiais docentes*.
- Actas de congresos. A organización de congresos é unha actividade valorable no apartado *6.6. Outras actividades de investigación*; a presentación de traballos en congresos pode valorarse en *4.2. Participación en congresos e reunións científicas*. En todo caso, si poderán valorarse aqueles traballos que, tendo a súa orixe nunha presentación nun congreso, aparezan publicados como artigo ou capítulo de libro en revistas ou editoriais que cumpran os criterios de calidade requiridos.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía de publicacións con cadansúa puntuación de referencia. A seguir ofrécese unha proposta a título orientativo:

- Artigo en revista científica. Con carácter xeral, deberá adoptarse algunha das clasificacións de revistas habituais e recoñecidas dentro da área de que se trate.
- Libro. Consideraranse como tales publicacións de editoriais recoñecidas no ámbito académico con ISBN ou licenza de publicación en aberto. A comisión deberá establecer unha tipoloxía en función do carácter nacional ou internacional da editorial e da súa clasificación en índices de referencia.
- Capítulo de libro. Aplicarase a tipoloxía establecida para os libros.
- Edición ou coordinación de obras colectivas. Aplicarase unha tipoloxía de editoriais semellante á empregada no apartado de libros.
- Edición crítica ou anotada.
- Recensión. Aplicaranse os criterios de clasificación de publicacións establecidos no apartado de artigos en revistas científicas.
- Outro. A comisión poderá prever outros tipos de publicación (nota, folleto, etc.), coas súas valoracións de referencia.

As puntuacións outorgadas a cada ítem deberán asignarse tendo en conta a tipoloxía establecida e a calidade da contribución, e poderán ser matizadas tendo en conta a contribución da persoa solicitante e a relevancia ou afinidade da contribución con respecto á área da praza en concurso. Para o primeiro poderase ter en conta o número de autores/as e, se é relevante, a posición que ocupa entre eles a persoa aspirante. En calquera caso, a minoración da puntuación deberase establecer tendo en conta os estándares dentro da área no tocante ao número de autores/as. Para o segundo, a comisión deberá establecer os criterios para a determinación da afinidade e as porcentaxes de redución da puntuación.

### 4.2 Participación en congresos e reunións científicas (máximo 4 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de cinco participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 0,8 puntos.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía de contribucións en congresos e reunións científicas con cadansúa puntuación de referencia. A seguir ofrécese unha proposta a título orientativo:

- Relatorio ou conferencia plenaria. Enténdese como tal a intervención nun congreso por convite do comité organizador
- Mesa plenaria, por convite do comité organizador
- Comunicación
- Póster

Por outra banda, para valorar a relevancia do congreso terase en conta o seu ámbito (internacional, nacional ou local), en función da natureza da entidade organizadora e da composición do comité científico.

As puntuacións outorgadas a cada ítem asignaranse tendo en conta a tipoloxía establecida, a relevancia do congreso e a calidade da contribución. Ademais, poderán ser matizadas tendo en conta a contribución da persoa solicitante e a afinidade da contribución con respecto á área da praza en concurso. Para o primeiro poderase ter en conta o número de autores/as e, se é relevante, a posición que ocupa entre eles a persoa aspirante. En calquera caso, a minoración da puntuación deberase establecer tendo en conta os estándares dentro da área no tocante ao número de autores/as. Para o segundo, a comisión deberá establecer os criterios para a determinación da afinidade e as porcentaxes de redución da puntuación.

### 4.3 Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en proxectos de investigación competitivos de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 3 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 1 punto.

A comisión deberá establecer unha gradación tendo en conta o tipo de participación (investigador/a principal, membro do equipo de investigación, membro do equipo de traballo), do ámbito do proxecto (autonómico, estatal, internacional) e da súa duración. Ademais, a puntuación asignada poderá matizarse tendo en conta o grao de afinidade do contido do proxecto con respecto á área da praza en concurso.

### 4.4 Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en convenios e contratos de investigación non competitivos con empresas e institucións (máximo 1,5 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 0,5 puntos.

A comisión deberá establecer unha gradación tendo en conta o tipo de participación (investigador/a principal, membro do equipo de investigación, membro do equipo de traballo), da relevancia do convenio ou contrato (en

función da entidade financiadora, do importe económico, do número de investigadores/as implicado, etc.) e da súa duración. Ademais, a puntuación asignada poderá matizarse tendo en conta o grao de afinidade do contido do traballo con respecto á área da praza en concurso.

### 4.5 Estadías de investigación (máximo 5 puntos)

Valoraranse unicamente estadías en universidades e centros de investigación realizadas dentro dos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres estadías, que serán valoradas en función da súa duración, a razón de 0,25 puntos por mes. Os períodos inferiores a un mes valoraranse de xeito proporcional. Non se valorarán estadías previas á etapa de formación doutoral.

### 4.6 Patentes, rexistros da propiedade intelectual e outras actividades de transferencia (máximo 3 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de cinco ítems, que serán valorados en función da súa relevancia cun máximo de 0,6 puntos cada un.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía dos ítems valorables con cadansúa puntuación de referencia.

No caso das patentes distinguirase cando menos entre patentes concedidas e patentes en trámite. Neste último caso, para poder ser valorada, a patente deberá ter superada algunha fase que implique un indicio da súa calidade.

No caso dos rexistros da propiedade industrial ou intelectual consideraranse só produtos que impliquen a transferencia de resultados de investigación (non rexistros de publicacións).

Valorarase tamén a participación no proceso de creación de EBTs e spin-offs universitarias.

A puntuación asignada poderá matizarse en función do número de persoas implicadas, da relevancia da actividade e da súa afinidade con respecto á área da praza en concurso.

## 5. Experiencia profesional (máximo 5 puntos)

Valoraranse unicamente méritos relacionados coa área obxecto do concurso acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, será posible obter a máxima puntuación presentando méritos en só un destes subapartados.

### 5.1 Actividade profesional non universitaria

Valorarase con ata 0,5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

### 5.2 Actividade docente en ensino oficial non universitario

Valorarase con ata 0,5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

### 5.3 Actividade asistencial

Valorarase con ata 0,5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

## 6. Outros méritos non valorables en apartados anteriores (máximo 5 puntos)

As persoas candidatas poderán elixir un máximo de sete ítems.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, será posible obter a máxima puntuación presentando méritos en só un destes subapartados.

### 6.1 Coñecementos de linguas estranxeiras

Cada ítem poderá ser valorado cun máximo de 1 punto.

A comisión deberá establecer, de acordo cos niveis definidos no MCER, os niveis susceptibles de valoración e as puntuacións de referencia para cada un deles. Estes niveis deberán estar xustificados mediante acreditacións oficiais das recoñecidas con carácter xeral nas táboas aprobadas polo Consello de Goberno.

### 6.2 Outras titulacións universitarias oficiais

Poderán ser valoradas neste apartado titulacións universitarias oficiais distintas das valoradas nos apartados 1.1 e 1.2.

A comisión establecerá puntuacións de referencia para cada tipo de título (diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica, grao, máster, licenciatura, enxeñaría, arquitectura, doutoramento), tendo en conta que a valoración máxima por ítem está establecida en 1 punto.

A puntuación asignada poderá ser matizada cando o título valorado presente un grao de coincidencia significativo con respecto á titulación principal aducida en 1.1 ou 1.2.

### 6.3 Outras titulacións e diplomas, como o grao de licenciatura ou outros

A valoración máxima que se pode asignar a cada ítem é de 1 punto.

A comisión establecerá unha tipoloxía de titulacións e diplomas. A modo de exemplo, e sen pretensións de exhaustividade, suxírense as seguintes:

- Máster propio
- Grao de licenciatura
- Curso de especialización
- Título de médico especialista

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da súa duración.

### 6.4 Experiencia en xestión universitaria

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

Poderán valorarse neste apartado só as responsabilidades recollidas nos Anexos I e II do *Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019, ou documento que o substitúa. As actividades de xestión desenvolvidas noutras universidades valoraranse tomando como referencia este documento.

A comisión asignará puntuacións de referencia para os diferentes cargos, tendo en conta a duración do seu desempeño.

### 6.5 Outras actividades docentes

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Dirección ou codirección / titorización ou cotitorización de traballos académicos, como teses de doutoramento, traballos de fin de máster, traballos de fin de grao.
- Dirección ou codirección de proxectos de fin de carreira.
- Docencia en grao e máster oficiais non computable en 2.1 (docencia en área externa, docencia como autónomo ou como conferenciante)
- Docencia en títulos propios

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso.

### 6.6 Outras actividades de investigación

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Dirección ou pertenza a consellos de redacción de revistas científicas
- Actividade como revisor de manuscritos para publicacións científicas
- Pertenza a comités científicos ou de organización de congresos

- Pertenza a grupos de referencia e redes temáticas con financiamento competitivo (só no caso de que non fose valorada en 4.3)
- Acreditación I3 e similares

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso.

### 6.7 Outras actividades de transferencia e divulgación

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Publicacións de carácter divulgativo ou en medios non especializados
- Organización de xornadas e actividades de divulgación científica
- Impartición de cursos e seminarios de divulgación científica
- Impartición de conferencias.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e, de ser o caso, da súa duración.

### 6.8 Habilitación ou acreditación para corpos docentes de nivel superior ao da praza en concurso

A valoración máxima é de 1 punto.

Valorarase unicamente a acreditación para o corpo docente ou figura de profesorado de maior categoría.

### 6.9 Título de especialista relacionado coa área obxecto do concurso (só no caso de áreas de coñecemento con disciplinas de contido clínico)

Valorarase con 3 puntos.

A comisión deberá indicar con que criterio se van seleccionar os candidatos que pasarán á segunda fase. Para iso pódese establecer unha nota de corte e / ou un número de candidatos. Tendo en conta que se trata dunha praza de incorporación, parece razoable esixir unha puntuación mínima non inferior a 30 puntos.

# SEGUNDA FASE: PROXECTO DE ACTIVIDADES DOCENTES

No caso de que a convocatoria estableza un perfil específico, o proxecto deberá versar sobre a materia indicada. Se, pola contra, o concurso establece un perfil

xenérico ("materias da área"), o proxecto deberá corresponder a unha materia obrigatoria ou de formación básica da área de coñecemento, das cursadas para a obtención dun título de grao impartido na USC. En calquera dos dous casos, o proxecto de actividades docentes deberá tomar como referencia o establecido para a materia de que se trate na memoria do título.

O proxecto de actividades docentes poderá ser valorado cun máximo de 20 puntos.

A comisión deberá establecer os criterios de valoración do proxecto de actividades docentes tendo en conta os seguintes aspectos:

- Calidade do contido (adecuación do proxecto á materia, aspectos metodolóxicos, bibliografía...)
- Calidade da presentación oral (claridade expositiva, rigor terminolóxico...)
- Capacidade de resposta ás preguntas e observacións que se formulen no debate

Para cada un destes aspectos asignarase unha porcentaxe da puntuación global, que non deberá ser inferior ao 25%.

# 2. Profesorado asociado

Os concursos para a selección de prazas de profesorado asociado constarán de dúas fases, tal e como establece o artigo 19.1 do Regulamento de selección de PDI non permanente.

A primeira fase ten carácter eliminatorio e consiste na valoración dos méritos e historial académico, docente, investigador e profesional ou sanitario-asistencial alegados polas persoas aspirantes á praza. A segunda fase consiste na presentación oral por parte da persoa aspirante á praza dun proxecto de actividades docentes correspondente á materia que determine a convocatoria.

## Criterios de carácter xeral

1. Un mesmo mérito non poderá ser valorado en máis dun apartado. Cando un un mesmo ítem apareza alegado en dous ou máis apartados, a comisión valorarao soamente naquel que considere máis acaído.

2. En varios dos apartados do baremo establécese un período de referencia para a valoración dos méritos. En consecuencia, os méritos alegados que queden fóra dese período non poderán ser valorados. Non obstante, estes períodos deberán ampliarse naqueles casos, debidamente xustificados, en que ao longo do período de referencia se producisen situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade. Cando algunha destas circunstancias concorra nalgunha das persoas aspirantes a unha praza, o Servizo de Planificación de PDI indicarao na documentación que se achegue á comisión de selección.

3. Cando os méritos alegados (por exemplo, un proxecto de investigación ou unha estadía) teñan unha data de inicio anterior á do período de referencia e rematen dentro deste, valorarase unicamente o período incluído dentro do período de referencia.

4. Para cada apartado dos baremos establécese unha valoración máxima. Nalgúns apartados, sen embargo, é posible que algunha das persoas candidatas supere ese valor máximo. De ser este o caso, deberá normalizarse a puntuación obtida por todas as persoas aspirantes nese mesmo apartado. A aplicación informática para a xestión dos procesos de selección de PDI realiza de xeito automático esta normalización.

5. En varios dos apartados e subapartados a comisión de selección debe indicar, de xeito motivado, con que criterio vai determinar se os méritos alegados son da máxima relevancia para a área da praza en concurso ou se, pola contra, a súa valoración debe ser corrixida ou minorada por se tratar de méritos asociados a

unha área afín. En calquera caso, o punto de referencia para este tipo de ponderacións debe ser a área de coñecemento.

6. Nos concursos de profesorado asociado as prazas convocadas poden ter un perfil xenérico ("materias da área") ou específico. De ser este último o caso, o perfil serve unicamente para determinar sobre que materia concreta ten que versar o proxecto de actividades docentes da segunda fase do concurso, e non constitúe, polo tanto, un elemento de referencia para a valoración dos méritos da primeira fase.

# 1. Rendemento académico (máximo 10 puntos)

## 1.1. Expediente académico de grao e máster ou ben de licenciatura (máximo 4 puntos)

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións unha valoración do(s) expediente(s) de acordo co Protocolo de colaboración sobre valoración de expedientes académicos subscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do SUG.

No caso de titulacións que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan á área da praza en concurso, a puntuación non se corrixirá. Pola contra, no caso de titulacións que, segundo o criterio da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,6 ou por 0,3 en función do grao de afinidade. Finalmente, se a titulación non ten ningunha relación coa área da praza en concurso, a valoración será 0.

A comisión deberá determinar a que titulacións se lles aplicarán as correccións sinaladas no parágrafo anterior e cales serán valoradas sen ningún tipo de corrección. A relación dunhas e outras deberá incluírse nos criterios de valoración publicados logo da constitución da comisión.

Dado que non existe un catálogo de titulacións de valor universal, as denominacións das titulacións non poden aplicarse en sentido literal, senón como unha indicación do contido central dos estudos realizados. Correspóndelle á comisión a determinación desta afinidade, utilizando os estándares habituais na área da praza en concurso. Por exemplo, se se indica que para un determinado concurso non se reducirá a puntuación dos expedientes do Grao en Lingua e Literatura Inglesas, entenderase que o mesmo criterio rexe para calquera outra titulación que teña como núcleo fundamental o estudo da lingua e da literatura inglesas, con independencia da súa denominación (Grao en Estudos Ingleses; Grao en Inglés: Lingua e Literatura, etc.).

Neste apartado 1.1 só se pode valorar un título de grao e de máster ou un de licenciatura. No caso de que unha persoa aspirante inclúa neste apartado máis dun título dalgún destes niveis, a comisión deberá seleccionar aquela titulación que resulte máis vantaxosa para a persoa interesada. Os títulos non valorados

neste apartado poderanse trasladar ao apartado de Outros méritos, mais só no caso de que a persoa aspirante non presentase neste apartado o número máximo de méritos permitido polo Regulamento.

### 1.2. Doutoramento (máximo 4 puntos)

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións unha valoración do doutoramento en función da súa cualificación e de acordo coas seguintes equivalencias: Sobresaliente cum laude (4 puntos), Sobresaliente (3 puntos), Notable (2 puntos), Aprobado (1 punto). No caso de que o sistema de cualificación conste únicamente de dous graos a valoración será a seguinte: Apto cum laude (4 puntos), Apto (2 puntos).

No caso de teses de doutoramento que pola súa temática, de acordo co criterio razoado da comisión, correspondan á área da praza en concurso a puntuación non se corrixirá. Pola contra, cando a tese corresponda, segundo o criterio da comisión, a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,6 ou por 0,3 en función do grao de afinidade. Se a tese non ten ningunha relación coa área da praza en concurso, a valoración será 0. O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións a información básica acerca da tese (título, director ou directora) necesaria para a determinación da afinidade.

A comisión deberá determinar con que criterio se aplicarán as correccións sinaladas no parágrafo anterior.

### 1.3. Premios e mencións, como premios extraordinarios, mencións de doutoramento internacional e mencións de calidade a programas de doutoramento (máximo 2 puntos)

As comisións deberán determinar as puntuacións asignadas ás diferentes mencións de calidade, incluídos premios, sempre en función da súa relevancia e do seu ámbito.

## 2. Postos desempeñados no ámbito da Universidade ou de Organismos Públicos de Investigación (máximo 15 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

### 2.1. Postos docentes (máximo 10 puntos)

A valoración realízase en función da duración do posto desempeñado e, cando proceda, da súa dedicación, dependendo de que se trate dun contrato con dedicación a tempo completo, con dedicación P6 ou equivalente, ou con dedicación P3 ou equivalente. Os contratos con dedicacións diferentes das mencionadas valoraranse de xeito proporcional.

Dentro deste apartado serán valorados unicamente postos desempeñados baixo as modalidades de contratación de PDI definidas na LOU, as existentes en Organismos Públicos de Investigación e as equivalentes noutros países. As actividades docentes impartidas baixo outras modalidades de vinculación (como autónomo, como conferenciante, como contratado por obra e servizo...) valoraranse no apartado 6.5. A actividade docente desenvolvida como persoal investigador en formación (predoc ou posdoc) está xa incluída nos apartados 2.2 e 2.3, segundo corresponda.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polos solicitantes dentro das diferentes modalidades contractuais (tempo completo, P6 ou equivalente, P3 ou equivalente). As comisións deberán recoller nos criterios publicados se, en función da docencia impartida, a actividade docente se considera dentro da área ou en área afín, e asignar as puntuacións correspondentes de acordo co seguinte baremo:

2.1.1 *Docencia a tempo completo na área de coñecemento*. Valorarase a razón de 1 punto por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.2 *Docencia a tempo completo nunha área afín*. Valorarase a razón de 0,5 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.3 *Docencia a tempo parcial na área de coñecemento*, *con dedicación P6 ou equivalente*. Valorarase a razón de 0,75 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.4 *Docencia a tempo parcial nunha área afín*, *con dedicación P6 ou equivalente*. Valorarase a razón de 0,35 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.5 *Docencia a tempo parcial na área de coñecemento*, con dedicación P3 ou equivalente. Valorarase a razón de 0,35 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.6 *Docencia a tempo parcial nunha área afín, con dedicación P3 ou equivalente*. Valorarase a razón de 0,175 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

### 2.2 Bolsas e contratos de investigación posdoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 5 puntos)

Os períodos con bolsa ou contrato posdoutoral (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie, Jóvenes Investigadores-Retos, contratos posdoutorais de ámbito autonómico, etc.) valoraranse a razón de 1 punto por curso completo.

Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda. Esta valoración xa abrangue a actividade docente eventualmente realizada pola persoa interesada durante o período de contrato. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polas persoas solicitantes como bolseiras ou contratadas posdoutorais.

### 2.3 Bolsas e contratos de investigación predoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 3 puntos)

Os períodos con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Predoutorais da comunidade autónoma e outros similares) valoraranse a razón de 0,75 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda. Esta valoración xa abrangue a actividade docente eventualmente realizada pola persoa interesada durante o período de contrato. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polas persoas solicitantes como bolseiras ou contratadas predoutorais.

### 2.4 Contratos de investigador/a pre e posdoutoral con cargo a proxectos, contratos e convenios de investigación (máximo 3 puntos)

Os períodos con contrato pre e posdoutoral con cargo a proxectos, contratos e convenios valoraranse a razón de 0,35 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

### 2.5 Colaboración na actividade docente universitaria, en prácticas externas, como colaborador/a ou titor/a docente e noutras colaboracións (máximo 10 puntos)

A colaboración na actividade docente universitaria para a realización de prácticas externas valorarase con ata 1 punto por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

A comisión deberá determinar a puntuación asignada ás diferentes actividades de colaboración en función da súa duración, intensidade e relevancia para a praza en concurso.

Por outra banda, no caso de actividades que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

### 2.6 Participación na ECOE (só en áreas clínicas) (máximo 5 puntos)

Nos concursos de prazas correspondentes a áreas clínicas, a participación na ECOE valorarase con 1 punto por curso.

### 2.7 Dirección ou codirección de traballos académicos (máximo 5 puntos)

A dirección ou codirección e a titorización ou cotitorización de traballos académicos, como teses de doutoramento, traballos de fin de máster, traballos de fin de grao, proxectos de fin de carreira e outros análogos valoraranse con ata 1 punto por traballo.

A comisión deberá establecer unha clasificación dos traballos valorables con cadansúa puntuación de referencia. A puntuación asignarase en función do tipo de traballo, da función realizada (dirección, codirección...) e da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso.

## 3. Calidade docente (máximo 5 puntos)

Valoraranse unicamente 5 méritos seleccionados pola persoa aspirante, correspondentes aos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, é posible que os cinco ítems seleccionados correspondan a actividades de formación docente e, polo tanto, obter a máxima puntuación presentando méritos en só un dos apartados considerados.

### 3.1 Participación en actividades de formación docente

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia, que deberá establecerse tendo en conta o tipo de participación (cursos impartidos fronte a cursos recibidos), a entidade organizadora da actividade (organismos universitarios, asociacións profesionais, outras entidades non universitarias...), a relevancia da actividade, a duración... No caso de actividades reiteradas no tempo (o mesmo curso impartido en varias ocasións), a comisión poderá asignar diferente valoración á primeira edición e ás restantes.

### 3.2 Elaboración de materiais docentes

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de méritos valorables con cadansúa puntuación de referencia, que deberá establecerse tendo en conta o tipo de material de que se trate (manuais ou libros de texto universitarios, capítulos de manuais ou libros de texto, guías docentes, unidades docentes, problemas, etc.), a canle de difusión (editora internacional, editora nacional, autoedición, materiais en rede, etc.), o número de autores/as, a calidade e nivel dos materiais, a relevancia para a área da praza en concurso, etc.

Nos casos de autoría múltipla, se a comisión desexa establecer algún tipo de corrección na puntuación, deberá especificar o criterio con que a vai aplicar. Para iso deberá ter en conta a práctica habitual na área de que se trate.

### 3.3 Realización de estadías de formación docente

Cada unha das estadías presentadas poderá ser valorada con ata 1 punto.

Neste apartado consideraranse unicamente estadías en centros universitarios ou especializados cuxa finalidade principal fose a formación docente superior. As estadías de investigación deberán valorarse no apartado correspondente (4.5).

A comisión deberá establecer o criterio de valoración das estadías de formación docente tendo en conta a súa duración e relevancia.

### 3.4 Participación en actividades de innovación docente

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de méritos valorables con cadansúa puntuación de referencia, que se establecerá tendo en conta a función desempeñada pola persoa solicitante (dirección, coordinación, membro do equipo), a entidade organizadora ou financiadora (programas competitivos de ámbito autonómico, estatal ou internacional), a duración da actividade, etc.

## 4. Experiencia investigadora (máximo 15 puntos)

### 4.1 Publicacións científicas (máximo 10 puntos)

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de dez publicacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 1 punto. Cando menos sete destas publicacións deberán corresponder aos dez anos anteriores á convocatoria do concurso.

Consideraranse dentro deste apartado só textos efectivamente publicados ou traballos en prensa que consten inequivocamente como aceptados para a súa publicación. Isto último deberá acreditarse mediante unha comunicación remitida pola persoa responsable da revista ou da editorial en que se faga constar a aceptación e o estado da publicación.

Non se valorarán neste apartado:

- Publicacións de divulgación, difusión, opinión, etc., que poderán ser considerados no apartado *6.7. Outras actividades e transferencia e divulgación*.
- Materiais docentes publicados (libros de texto, manuais de prácticas, etc.), que poderán valorarse no apartado *3.2. Elaboración de materiais docentes*.
- Actas de congresos. A organización de congresos é unha actividade valorable no apartado *6.6. Outras actividades de investigación*; a presentación de traballos en congresos pode valorarse en *4.2. Participación en congresos e reunións científicas*. En todo caso, si poderán valorarse aqueles traballos que, tendo a súa orixe nunha presentación nun congreso, aparezan publicados como artigo ou capítulo de libro en revistas ou editoriais que cumpran os criterios de calidade requiridos.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía de publicacións con cadansúa puntuación de referencia. A seguir ofrécese unha proposta a título orientativo:

- Artigo en revista científica. Con carácter xeral, deberá adoptarse algunha das clasificacións de revistas habituais e recoñecidas dentro da área de que se trate.
- Libro. Consideraranse como tales publicacións de editoriais recoñecidas no ámbito académico con ISBN ou licenza de publicación en aberto. A comisión deberá establecer unha tipoloxía en función do carácter nacional ou internacional da editorial e da súa clasificación en índices de referencia.
- Capítulo de libro. Aplicarase a tipoloxía establecida para os libros.
- Edición ou coordinación de obras colectivas. Aplicarase unha tipoloxía de editoriais semellante á empregada no apartado de libros.
- Edición crítica ou anotada.
- Recensión. Aplicaranse os criterios de clasificación de publicacións establecidos no apartado de artigos en revistas científicas.
- Outro. A comisión poderá prever outros tipos de publicación (nota, folleto, etc.), coas súas valoracións de referencia.

As puntuacións outorgadas a cada ítem deberán asignarse tendo en conta a tipoloxía establecida e a calidade da contribución, e poderán ser matizadas tendo en conta a contribución da persoa solicitante e a relevancia ou afinidade da contribución con respecto á área da praza en concurso. Para o primeiro poderase ter en conta o número de autores/as e, se é relevante, a posición que ocupa entre eles a persoa aspirante. En calquera caso, a minoración da puntuación deberase establecer tendo en conta os estándares dentro da área no tocante ao número de autores/as. Para o segundo, a comisión deberá establecer os criterios para a determinación da afinidade e as porcentaxes de redución da puntuación.

### 4.2 Participación en congresos e reunións científicas (máximo 2 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de cinco participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 0,4 puntos.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía de contribucións en congresos e reunións científicas con cadansúa puntuación de referencia. A seguir ofrécese unha proposta a título orientativo:

- Relatorio ou conferencia plenaria. Enténdese como tal a intervención nun congreso por convite do comité organizador
- Mesa plenaria, por convite do comité organizador
- Comunicación
- Póster

Por outra banda, para valorar a relevancia do congreso terase en conta o seu ámbito (internacional, nacional ou local), en función da natureza da entidade organizadora e da composición do comité científico.

As puntuacións outorgadas a cada ítem asignaranse tendo en conta a tipoloxía establecida, a relevancia do congreso e a calidade da contribución. Ademais, poderán ser matizadas tendo en conta a contribución da persoa solicitante e a afinidade da contribución con respecto á área da praza en concurso. Para o primeiro poderase ter en conta o número de autores/as e, se é relevante, a posición que ocupa entre eles a persoa aspirante. En calquera caso, a minoración da puntuación deberase establecer tendo en conta os estándares dentro da área no tocante ao número de autores/as. Para o segundo, a comisión deberá establecer os criterios para a determinación da afinidade e as porcentaxes de redución da puntuación.

### 4.3 Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en proxectos de investigación competitivos de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 1 punto)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 0,35 puntos.

A comisión deberá establecer unha gradación tendo en conta o tipo de participación (investigador/a principal, membro do equipo de investigación, membro do equipo de traballo), do ámbito do proxecto (autonómico, estatal, internacional) e da súa duración. Ademais, a puntuación asignada poderá matizarse tendo en conta o grao de afinidade do contido do proxecto con respecto á área da praza en concurso.

### 4.4 Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en convenios e contratos de investigación non competitivos con empresas e institucións (máximo 0,5 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 0,2 puntos.

A comisión deberá establecer unha gradación tendo en conta o tipo de participación (investigador/a principal, membro do equipo de investigación, membro do equipo de traballo), da relevancia do convenio ou contrato (en función da entidade financiadora, do importe económico, do número de investigadores/as implicado, etc.) e da súa duración. Ademais, a puntuación asignada poderá matizarse tendo en conta o grao de afinidade do contido do traballo con respecto á área da praza en concurso.

### 4.5 Estadías de investigación (máximo 0,5 puntos)

Valoraranse unicamente estadías en universidades e centros de investigación realizadas dentro dos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres estadías, que serán valoradas en función da súa duración, a razón de 0,1 punto por mes. Os períodos inferiores a un mes valoraranse de xeito proporcional. Non se valorarán estadías previas á etapa de formación doutoral.

### 4.6 Patentes, rexistros da propiedade intelectual e outras actividades de transferencia (máximo 4 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de cinco ítems, que serán valorados en función da súa relevancia cun máximo de 0,8 puntos cada un.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía dos ítems valorables con cadansúa puntuación de referencia.

No caso das patentes distinguirase cando menos entre patentes concedidas e patentes en trámite. Neste último caso, para poder ser valorada, a patente deberá ter superada algunha fase que implique un indicio da súa calidade.

No caso dos rexistros da propiedade industrial ou intelectual consideraranse só produtos que impliquen a transferencia de resultados de investigación (non rexistros de publicacións).

Valorarase tamén a participación no proceso de creación de EBTs e spin-offs universitarias.

A puntuación asignada poderá matizarse en función do número de persoas implicadas, da relevancia da actividade e da súa afinidade con respecto á área da praza en concurso.

## 5. Experiencia profesional (máximo 50 puntos)

Valoraranse unicamente méritos relacionados coa área obxecto do concurso acreditados nos quince anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, será posible obter a máxima puntuación presentando méritos en só un destes subapartados.

### 5.1 Actividade profesional non universitaria

Valorarase con ata 5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

### 5.2 Actividade docente en ensino oficial non universitario

Valorarase con ata 5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

### 5.3 Actividade asistencial

Valorarase con ata 5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

## 6. Outros méritos non valorables en apartados anteriores (máximo 5 puntos)

As persoas candidatas poderán elixir un máximo de sete ítems.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, será posible obter a máxima puntuación presentando méritos en só un destes subapartados.

### 6.1 Coñecementos de linguas estranxeiras

Cada ítem poderá ser valorado cun máximo de 1 punto.

A comisión deberá establecer, de acordo cos niveis definidos no MCER, os niveis susceptibles de valoración e as puntuacións de referencia para cada un deles. Estes niveis deberán estar xustificados mediante acreditacións oficiais das recoñecidas con carácter xeral nas táboas aprobadas polo Consello de Goberno.

### 6.2 Outras titulacións universitarias oficiais

Poderán ser valoradas neste apartado titulacións universitarias oficiais distintas das valoradas nos apartados 1.1 e 1.2.

A comisión establecerá puntuacións de referencia para cada tipo de título (diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica, grao, máster, licenciatura, enxeñaría, arquitectura, doutoramento), tendo en conta que a valoración máxima por ítem está establecida en 1 punto.

A puntuación asignada poderá ser matizada cando o título valorado presente un grao de coincidencia significativo con respecto á titulación principal aducida en 1.1 ou 1.2.

### 6.3 Outras titulacións e diplomas, como o grao de licenciatura ou outros

A valoración máxima que se pode asignar a cada ítem é de 1 punto.

A comisión establecerá unha tipoloxía de titulacións e diplomas. A modo de exemplo, e sen pretensións de exhaustividade, suxírense as seguintes:

- Máster propio
- Grao de licenciatura
- Curso de especialización
- Título de médico especialista

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da súa duración.

### 6.4 Experiencia en xestión universitaria

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

Poderán valorarse neste apartado só as responsabilidades recollidas nos Anexos I e II do *Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019, ou documento que o substitúa. As actividades de xestión desenvolvidas noutras universidades valoraranse tomando como referencia este documento.

A comisión asignará puntuacións de referencia para os diferentes cargos, tendo en conta a duración do seu desempeño.

### 6.5 Outras actividades docentes

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Docencia en grao e máster oficiais non computable en 2.1 (docencia en área externa, docencia como autónomo ou como conferenciante)
- Docencia en títulos propios

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso.

### 6.6 Outras actividades de investigación

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Dirección ou pertenza a consellos de redacción de revistas científicas
- Actividade como revisor de manuscritos para publicacións científicas
- Pertenza a comités científicos ou de organización de congresos
- Pertenza a grupos de referencia e redes temáticas con financiamento competitivo (só no caso de que non fose valorada en 4.3)
- Acreditación I3 e similares

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso.

### 6.7 Outras actividades de transferencia e divulgación

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Publicacións de carácter divulgativo ou en medios non especializados
- Organización de xornadas e actividades de divulgación científica
- Impartición de cursos e seminarios de divulgación científica
- Impartición de conferencias.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e, de ser o caso, da súa duración.

### 6.8 Habilitación ou acreditación para corpos docentes de nivel superior ao da praza en concurso

A valoración máxima é de 3 puntos.

Valorarase unicamente a acreditación para o corpo docente ou figura de profesorado de maior categoría.

| |
|---|
| A comisión deberá indicar con que criterio se van seleccionar os candidatos que pasarán á segunda fase. Para iso pódese establecer unha nota de corte e / ou un número de candidatos. Tendo en conta que se trata dunha praza de incorporación, parece razoable esixir unha puntuación mínima non inferior a 30 puntos. |

# SEGUNDA FASE: PROXECTO DE ACTIVIDADES DOCENTES

No caso de que a convocatoria estableza un perfil específico, o proxecto deberá versar sobre a materia indicada. Se, pola contra, o concurso establece un perfil xenérico ("materias da área"), o proxecto deberá corresponder a unha materia obrigatoria ou de formación básica da área de coñecemento, das cursadas para a obtención dun título de grao impartido na USC. En calquera dos dous casos, o proxecto de actividades docentes deberá tomar como referencia o establecido para a materia de que se trate na memoria do título.

O proxecto de actividades docentes poderá ser valorado cun máximo de 20 puntos.

A comisión deberá establecer os criterios de valoración do proxecto de actividades docentes tendo en conta os seguintes aspectos:

- Calidade do contido (adecuación do proxecto á materia, aspectos metodolóxicos, bibliografía...)
- Calidade da presentación oral (claridade expositiva, rigor terminolóxico...)
- Capacidade de resposta ás preguntas e observacións que se formulen no debate

Para cada un destes aspectos asignarase unha porcentaxe da untuación global, que non deberá ser inferior ao 25%.

# 3. Profesorado interino de substitución e listaxes de agarda

Os concursos para a selección de prazas de profesorado interino de substitución e para a elaboración de listaxes de agarda constarán de dúas fases, tal e como establece o artigo 19.1 do Regulamento de selección de PDI non permanente.

A primeira fase ten carácter eliminatorio e consiste na valoración dos méritos e historial académico, docente, investigador e, de ser o caso, profesional ou sanitario-asistencial alegados polas persoas aspirantes á praza. A segunda fase consiste na presentación oral por parte da persoa aspirante á praza dun proxecto de actividades docentes correspondente á materia que determine a convocatoria.

## Criterios de carácter xeral

1. Un mesmo mérito non poderá ser valorado en máis dun apartado. Cando un un mesmo ítem apareza alegado en dous ou máis apartados, a comisión valorarao soamente naquel que considere máis acaído.

2. En varios dos apartados do baremo establécese un período de referencia para a valoración dos méritos. En consecuencia, os méritos alegados que queden fóra dese período non poderán ser valorados. Non obstante, estes períodos deberán ampliarse naqueles casos, debidamente xustificados, en que ao longo do período de referencia se producisen situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade. Cando algunha destas circunstancias concorra nalgunha das persoas aspirantes a unha praza, o Servizo de Planificación de PDI indicarao na documentación que se achegue á comisión de selección.

3. Cando os méritos alegados (por exemplo, un proxecto de investigación ou unha estadía) teñan unha data de inicio anterior á do período de referencia e rematen dentro deste, valorarase unicamente o período incluído dentro do período de referencia.

4. Para cada apartado dos baremos establécese unha valoración máxima. Nalgúns apartados, sen embargo, é posible que algunha das persoas candidatas supere ese valor máximo. De ser este o caso, deberá normalizarse a puntuación obtida por todas as persoas aspirantes nese mesmo apartado. A aplicación informática para a xestión dos procesos de selección de PDI realiza de xeito automático esta normalización.

5. En varios dos apartados e subapartados a comisión de selección debe indicar, de xeito motivado, con que criterio vai determinar se os méritos alegados son da máxima relevancia para a área da praza en concurso ou se, pola contra, a súa

valoración debe ser corrixida ou minorada por se tratar de méritos asociados a unha área afín. En calquera caso, o punto de referencia para este tipo de ponderacións debe ser a área de coñecemento.

# 1. Rendemento académico (máximo 20 puntos)

## 1.1. Expediente académico de grao e máster ou ben de licenciatura (máximo 10 puntos)

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións unha valoración do(s) expediente(s) de acordo co Protocolo de colaboración sobre valoración de expedientes académicos subscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do SUG.

No caso de titulacións que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan á área da praza en concurso, a puntuación non se corrixirá. Pola contra, no caso de titulacións que, segundo o criterio da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,6 ou por 0,3 en función do grao de afinidade. Finalmente, se a titulación non ten ningunha relación coa área da praza en concurso, a valoración será 0.

A comisión deberá determinar a que titulacións se lles aplicarán as correccións sinaladas no parágrafo anterior e cales serán valoradas sen ningún tipo de corrección. A relación dunhas e outras deberá incluírse nos criterios de valoración publicados logo da constitución da comisión.

Dado que non existe un catálogo de titulacións de valor universal, as denominacións das titulacións non poden aplicarse en sentido literal, senón como unha indicación do contido central dos estudos realizados. Correspóndelle á comisión a determinación desta afinidade, utilizando os estándares habituais na área da praza en concurso. Por exemplo, se se indica que para un determinado concurso non se reducirá a puntuación dos expedientes do Grao en Lingua e Literatura Inglesas, entenderase que o mesmo criterio rexe para calquera outra titulación que teña como núcleo fundamental o estudo da lingua e da literatura inglesas, con independencia da súa denominación (Grao en Estudos Ingleses; Grao en Inglés: Lingua e Literatura, etc.).

Neste apartado 1.1 só se pode valorar un título de grao e de máster ou un de licenciatura. No caso de que unha persoa aspirante inclúa neste apartado máis dun título dalgún destes niveis, a comisión deberá seleccionar aquela titulación que resulte máis vantaxosa para a persoa interesada. Os títulos non valorados neste apartado poderanse trasladar ao apartado de Outros méritos, mais só no caso de que a persoa aspirante non presentase neste apartado o número máximo de méritos permitido polo Regulamento.

### 1.2. Doutoramento (máximo 8 puntos)

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións unha valoración do doutoramento en función da súa cualificación e de acordo coas seguintes equivalencias: Sobresaliente cum laude (8 puntos), Sobresaliente (6 puntos), Notable (4 puntos), Aprobado (2 punto). No caso de que o sistema de cualificación conste únicamente de dous graos a valoración será a seguinte: Apto cum laude (8 puntos), Apto (4 puntos).

No caso de teses de doutoramento que pola súa temática, de acordo co criterio razoado da comisión, correspondan á área da praza en concurso a puntuación non se corrixirá. Pola contra, cando a tese corresponda, segundo o criterio da comisión, a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,6 ou por 0,3 en función do grao de afinidade. Se a tese non ten ningunha relación coa área da praza en concurso, a valoración será 0. O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións a información básica acerca da tese (título, director ou directora) necesaria para a determinación da afinidade.

A comisión deberá determinar con que criterio se aplicarán as correccións sinaladas no parágrafo anterior.

### 1.3. Premios e mencións, como premios extraordinarios, mencións de doutoramento internacional e mencións de calidade a programas de doutoramento (máximo 2 puntos)

As comisións deberán determinar as puntuacións asignadas ás diferentes mencións de calidade, incluídos premios, sempre en función da súa relevancia e do seu ámbito.

## 2. Postos desempeñados no ámbito da Universidade ou de Organismos Públicos de Investigación (máximo 35 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

### 2.1. Postos docentes (máximo 25 puntos)

A valoración realízase en función da duración do posto desempeñado e, cando proceda, da súa dedicación, dependendo de que se trate dun contrato con dedicación a tempo completo, con dedicación P6 ou equivalente, ou con dedicación P3 ou equivalente. Os contratos con dedicacións diferentes das mencionadas valoraranse de xeito proporcional.

Dentro deste apartado serán valorados unicamente postos desempeñados baixo as modalidades de contratación de PDI definidas na LOU, as existentes en

Organismos Públicos de Investigación e as equivalentes noutros países. As actividades docentes impartidas baixo outras modalidades de vinculación (como autónomo, como conferenciante, como contratado por obra e servizo...) valoraranse no apartado 6.5. A actividade docente desenvolvida como persoal investigador en formación (predoc ou posdoc) está xa incluída nos apartados 2.2 e 2.3, segundo corresponda.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polos solicitantes dentro das diferentes modalidades contractuais (tempo completo, P6 ou equivalente, P3 ou equivalente). As comisións deberán recoller nos criterios publicados se, en función da docencia impartida, a actividade docente se considera dentro da área ou en área afín, e asignar as puntuacións correspondentes de acordo co seguinte baremo:

2.1.1 *Docencia a tempo completo na área de coñecemento*. Valorarase a razón de 2,5 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.2 *Docencia a tempo completo nunha área afín*. Valorarase a razón de 1,25 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.3 *Docencia a tempo parcial na área de coñecemento*, *con dedicación P6 ou equivalente*. Valorarase a razón de 1,8 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.4 *Docencia a tempo parcial nunha área afín*, *con dedicación P6 ou equivalente*. Valorarase a razón de 0,9 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.5 *Docencia a tempo parcial na área de coñecemento*, con dedicación P3 ou equivalente. Valorarase a razón de 0,9 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.6 *Docencia a tempo parcial nunha área afín, con dedicación P3 ou equivalente*. Valorarase a razón de 0,45 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

### 2.2 Bolsas e contratos de investigación posdoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 10 puntos)

Os períodos con bolsa ou contrato posdoutoral (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie, Jóvenes Investigadores-Retos, contratos posdoutorais de ámbito autonómico, etc.) valoraranse a razón de 2 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que

corresponda. Esta valoración xa abrangue a actividade docente eventualmente realizada pola persoa interesada durante o período de contrato. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polas persoas solicitantes como bolseiras ou contratadas posdoutorais.

### 2.3 Bolsas e contratos de investigación predoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 6 puntos)

Os períodos con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Predoutorais da comunidade autónoma e outros similares) valoraranse a razón de 1,5 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda. Esta valoración xa abrangue a actividade docente eventualmente realizada pola persoa interesada durante o período de contrato. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polas persoas solicitantes como bolseiras ou contratadas predoutorais.

### 2.4 Contratos de investigador/a pre e posdoutoral con cargo a proxectos, contratos e convenios de investigación (máximo 5 puntos).

Os períodos con contrato pre e posdoutoral con cargo a proxectos, contratos e convenios valoraranse a razón de 0,75 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

### 2.5 Colaboración na actividade docente universitaria, en prácticas externas, como colaborador/a ou titor/a docente e noutras colaboracións (máximo 5 puntos)

A colaboración na actividade docente universitaria para a realización de prácticas externas valorarase con ata 1,5 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

A comisión deberá determinar a puntuación asignada ás diferentes actividades de colaboración en función da súa duración, intensidade e relevancia para a praza en concurso.

Por outra banda, no caso de actividades que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

## 3. Calidade docente (máximo 5 puntos)

Valoraranse unicamente 5 méritos seleccionados pola persoa aspirante, correspondentes aos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, é posible que os cinco ítems seleccionados correspondan a actividades de formación docente e, polo tanto, obter a máxima puntuación presentando méritos en só un dos apartados considerados.

### 3.1 Participación en actividades de formación docente

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia, que deberá establecerse tendo en conta o tipo de participación (cursos impartidos fronte a cursos recibidos), a entidade organizadora da actividade (organismos universitarios, asociacións profesionais, outras entidades non universitarias...), a relevancia da actividade, a duración... No caso de actividades reiteradas no tempo (o mesmo curso impartido en varias ocasións), a comisión poderá asignar diferente valoración á primeira edición e ás restantes.

### 3.2 Elaboración de materiais docentes

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de méritos valorables con cadansúa puntuación de referencia, que deberá establecerse tendo en conta o tipo de material de que se trate (manuais ou libros de texto universitarios, capítulos de manuais ou libros de texto, guías docentes, unidades docentes, problemas, etc.), a canle de difusión (editora internacional, editora nacional, autoedición, materiais en rede, etc.), o número de autores/as, a calidade e nivel dos materiais, a relevancia para a área da praza en concurso, etc.

Nos casos de autoría múltipla, se a comisión desexa establecer algún tipo de corrección na puntuación, deberá especificar o criterio con que a vai aplicar. Para iso deberá ter en conta a práctica habitual na área de que se trate.

### 3.3 Realización de estadías de formación docente

Cada unha das estadías presentadas poderá ser valorada con ata 1 punto.

Neste apartado consideraranse unicamente estadías en centros universitarios ou especializados cuxa finalidade principal fose a formación docente superior.

As estadías de investigación deberán valorarse no apartado correspondente (4.5).

A comisión deberá establecer o criterio de valoración das estadías de formación docente tendo en conta a súa duración e relevancia.

### 3.4 Participación en actividades de innovación docente

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de méritos valorables con cadansúa puntuación de referencia, que se establecerá tendo en conta a función desempeñada pola persoa solicitante (dirección, coordinación, membro do equipo), a entidade organizadora ou financiadora (programas competitivos de ámbito autonómico, estatal ou internacional), a duración da actividade, etc.

## 4. Experiencia investigadora (máximo 30 puntos)

### 4.1 Publicacións científicas (máximo 20 puntos)

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de dez publicacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 2 puntos. Cando menos sete destas publicacións deberán corresponder aos dez anos anteriores á convocatoria do concurso.

Consideraranse dentro deste apartado só textos efectivamente publicados ou traballos en prensa que consten inequivocamente como aceptados para a súa publicación. Isto último deberá acreditarse mediante unha comunicación remitida pola persoa responsable da revista ou da editorial en que se faga constar a aceptación e o estado da publicación.

Non se valorarán neste apartado:

- Publicacións de divulgación, difusión, opinión, etc., que poderán ser considerados no apartado *6.7. Outras actividades e transferencia e divulgación*.
- Materiais docentes publicados (libros de texto, manuais de prácticas, etc.), que poderán valorarse no apartado *3.2. Elaboración de materiais docentes*.
- Actas de congresos. A organización de congresos é unha actividade valorable no apartado *6.6. Outras actividades de investigación*; a presentación de traballos en congresos pode valorarse en *4.2. Participación en congresos e reunións científicas*. En todo caso, si poderán valorarse aqueles traballos que, tendo a súa orixe nunha presentación nun congreso, aparezan publicados como artigo ou capítulo de libro en revistas ou editoriais que cumpran os criterios de calidade requiridos.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía de publicacións con cadansúa puntuación de referencia. A seguir ofrécese unha proposta a título orientativo:

- Artigo en revista científica. Con carácter xeral, deberá adoptarse algunha das clasificacións de revistas habituais e recoñecidas dentro da área de que se trate.
- Libro. Consideraranse como tales publicacións de editoriais recoñecidas no ámbito académico con ISBN ou licenza de publicación en aberto. A comisión

deberá establecer unha tipoloxía en función do carácter nacional ou internacional da editorial e da súa clasificación en índices de referencia.

- Capítulo de libro. Aplicarase a tipoloxía establecida para os libros.
- Edición ou coordinación de obras colectivas. Aplicarase unha tipoloxía de editoriais semellante á empregada no apartado de libros.
- Edición crítica ou anotada.
- Recensión. Aplicaranse os criterios de clasificación de publicacións establecidos no apartado de artigos en revistas científicas.
- Outro. A comisión poderá prever outros tipos de publicación (nota, folleto, etc.), coas súas valoracións de referencia.

As puntuacións outorgadas a cada ítem deberán asignarse tendo en conta a tipoloxía establecida e a calidade da contribución, e poderán ser matizadas tendo en conta a contribución da persoa solicitante e a relevancia ou afinidade da contribución con respecto á área da praza en concurso. Para o primeiro poderase ter en conta o número de autores/as e, se é relevante, a posición que ocupa entre eles a persoa aspirante. En calquera caso, a minoración da puntuación deberase establecer tendo en conta os estándares dentro da área no tocante ao número de autores/as. Para o segundo, a comisión deberá establecer os criterios para a determinación da afinidade e as porcentaxes de redución da puntuación.

### 4.2 Participación en congresos e reunións científicas (máximo 5 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de cinco participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 1 punto.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía de contribucións en congresos e reunións científicas con cadansúa puntuación de referencia. A seguir ofrécese unha proposta a título orientativo:

- Relatorio ou conferencia plenaria. Enténdese como tal a intervención nun congreso por convite do comité organizador
- Mesa plenaria, por convite do comité organizador
- Comunicación
- Póster

Por outra banda, para valorar a relevancia do congreso terase en conta o seu ámbito (internacional, nacional ou local), en función da natureza da entidade organizadora e da composición do comité científico.

As puntuacións outorgadas a cada ítem asignaranse tendo en conta a tipoloxía establecida, a relevancia do congreso e a calidade da contribución. Ademais, poderán ser matizadas tendo en conta a contribución da persoa solicitante e a afinidade da contribución con respecto á área da praza en concurso. Para o primeiro poderase ter en conta o número de autores/as e, se é relevante, a posición que ocupa entre eles a persoa aspirante. En calquera caso, a minoración da puntuación deberase establecer tendo en conta os estándares

dentro da área no tocante ao número de autores/as. Para o segundo, a comisión deberá establecer os criterios para a determinación da afinidade e as porcentaxes de redución da puntuación.

### 4.3 Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en proxectos de investigación competitivos de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 3 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 1 punto.

A comisión deberá establecer unha gradación tendo en conta o tipo de participación (investigador/a principal, membro do equipo de investigación, membro do equipo de traballo), do ámbito do proxecto (autonómico, estatal, internacional) e da súa duración. Ademais, a puntuación asignada poderá matizarse tendo en conta o grao de afinidade do contido do proxecto con respecto á área da praza en concurso.

### 4.4 Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en convenios e contratos de investigación non competitivos con empresas e institucións (máximo 1,5 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 0,5 puntos.

A comisión deberá establecer unha gradación tendo en conta o tipo de participación (investigador/a principal, membro do equipo de investigación, membro do equipo de traballo), da relevancia do convenio ou contrato (en función da entidade financiadora, do importe económico, do número de investigadores/as implicado, etc.) e da súa duración. Ademais, a puntuación asignada poderá matizarse tendo en conta o grao de afinidade do contido do traballo con respecto á área da praza en concurso.

### 4.5 Estadías de investigación (máximo 1,5 puntos)

Valoraranse unicamente estadías en universidades e centros de investigación realizadas dentro dos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres estadías, que serán valoradas en función da súa duración, a razón de 0,2 puntos por mes. Os períodos inferiores a un mes valoraranse de xeito proporcional. Non se valorarán estadías previas á etapa de formación doutoral.

### 4.6 Patentes, rexistros da propiedade intelectual e outras actividades de transferencia (máximo 4 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de cinco ítems, que serán valorados en función da súa relevancia cun máximo de 0,8 puntos cada un.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía dos ítems valorables con cadansúa puntuación de referencia.

No caso das patentes distinguirase cando menos entre patentes concedidas e patentes en trámite. Neste último caso, para poder ser valorada, a patente deberá ter superada algunha fase que implique un indicio da súa calidade.

No caso dos rexistros da propiedade industrial ou intelectual consideraranse só produtos que impliquen a transferencia de resultados de investigación (non rexistros de publicacións).

Valorarase tamén a participación no proceso de creación de EBTs e spin-offs universitarias.

A puntuación asignada poderá matizarse en función do número de persoas implicadas, da relevancia da actividade e da súa afinidade con respecto á área da praza en concurso.

## 5. Experiencia profesional (máximo 5 puntos)

Valoraranse unicamente méritos relacionados coa área obxecto do concurso acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, será posible obter a máxima puntuación presentando méritos en só un destes subapartados.

### 5.1 Actividade profesional non universitaria

Valorarase con ata 0,5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

### 5.2 Actividade docente en ensino oficial non universitario

Valorarase con ata 0,5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

### 5.3 Actividade asistencial

Valorarase con ata 0,5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

## 6. Outros méritos non valorables en apartados anteriores (máximo 5 puntos)

As persoas candidatas poderán elixir un máximo de sete ítems.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, será posible obter a máxima puntuación presentando méritos en só un destes subapartados.

### 6.1 Coñecementos de linguas estranxeiras

Cada ítem poderá ser valorado cun máximo de 1 punto.

A comisión deberá establecer, de acordo cos niveis definidos no MCER, os niveis susceptibles de valoración e as puntuacións de referencia para cada un deles. Estes niveis deberán estar xustificados mediante acreditacións oficiais das recoñecidas con carácter xeral nas táboas aprobadas polo Consello de Goberno.

### 6.2 Outras titulacións universitarias oficiais

Poderán ser valoradas neste apartado titulacións universitarias oficiais distintas das valoradas nos apartados 1.1 e 1.2.

A comisión establecerá puntuacións de referencia para cada tipo de título (diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica, grao, máster, licenciatura, enxeñaría, arquitectura, doutoramento), tendo en conta que a valoración máxima por ítem está establecida en 1 punto.

A puntuación asignada poderá ser matizada cando o título valorado presente un grao de coincidencia significativo con respecto á titulación principal aducida en 1.1 ou 1.2.

### 6.3 Outras titulacións e diplomas, como o grao de licenciatura ou outros

A valoración máxima que se pode asignar a cada ítem é de 1 punto.

A comisión establecerá unha tipoloxía de titulacións e diplomas. A modo de exemplo, e sen pretensións de exhaustividade, suxírense as seguintes:

- Máster propio
- Grao de licenciatura
- Curso de especialización
- Título de médico especialista

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da súa duración.

### 6.4 Experiencia en xestión universitaria

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

Poderán valorarse neste apartado só as responsabilidades recollidas nos Anexos I e II do *Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019, ou documento que o substitúa. As actividades de xestión desenvolvidas noutras universidades valoraranse tomando como referencia este documento.

A comisión asignará puntuacións de referencia para os diferentes cargos, tendo en conta a duración do seu desempeño.

### 6.5 Outras actividades docentes

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Dirección ou codirección / titorización ou cotitorización de traballos académicos, como teses de doutoramento, traballos de fin de máster, traballos de fin de grao.
- Dirección ou codirección de proxectos de fin de carreira.
- Docencia en grao e máster oficiais non computable en 2.1 (docencia en área externa, docencia como autónomo ou como conferenciante)
- Docencia en títulos propios

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso.

### 6.6 Outras actividades de investigación

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Dirección ou pertenza a consellos de redacción de revistas científicas
- Actividade como revisor de manuscritos para publicacións científicas
- Pertenza a comités científicos ou de organización de congresos
- Pertenza a grupos de referencia e redes temáticas con financiamento competitivo (só no caso de que non fose valorada en 4.3)
- Acreditación I3 e similares

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso.

### 6.7 Outras actividades de transferencia e divulgación

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Publicacións de carácter divulgativo ou en medios non especializados
- Organización de xornadas e actividades de divulgación científica
- Impartición de cursos e seminarios de divulgación científica
- Impartición de conferencias.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e, de ser o caso, da súa duración.

### 6.8 Habilitación ou acreditación para corpos docentes de nivel superior ao da praza en concurso

A valoración máxima é de 1 punto.

Valorarase unicamente a acreditación para o corpo docente ou figura de profesorado de maior categoría.

### 6.9 Título de especialista relacionado coa área obxecto do concurso (só no caso de áreas de coñecemento con disciplinas de contido clínico)

Valorarase con 3 puntos.

| |
|---|
| A comisión deberá indicar con que criterio se van seleccionar os candidatos que pasarán á segunda fase. Para iso pódese establecer unha nota de corte e / ou un número de candidatos. Tendo en conta que se trata dunha praza de incorporación, parece razoable esixir unha puntuación mínima non inferior a 30 puntos. |

# SEGUNDA FASE: PROXECTO DE ACTIVIDADES DOCENTES

No caso de que a convocatoria estableza un perfil específico, o proxecto deberá versar sobre a materia indicada. Se, pola contra, o concurso establece un perfil xenérico ("materias da área"), o proxecto deberá corresponder a unha materia obrigatoria ou de formación básica da área de coñecemento, das cursadas para a obtención dun título de grao impartido na USC. En calquera dos dous casos, o proxecto de actividades docentes deberá tomar como referencia o establecido para a materia de que se trate na memoria do título.

O proxecto de actividades docentes poderá ser valorado cun máximo de 20 puntos.

A comisión deberá establecer os criterios de valoración do proxecto de actividades docentes tendo en conta os seguintes aspectos:

- Calidade do contido (adecuación do proxecto á materia, aspectos metodolóxicos, bibliografía...)
- Calidade da presentación oral (claridade expositiva, rigor terminolóxico...)
- Capacidade de resposta ás preguntas e observacións que se formulen no debate

Para cada un destes aspectos asignarase unha porcentaxe da puntuación global, que non deberá ser inferior ao 25%.

# 4. Profesorado asociado de Ciencias da Saúde

Tal e como establece o artigo 19.2 do Regulamento de selección de PDI non permanente, os concursos para a selección de prazas de profesorado asociado de Ciencias da Saúde constan dunha única fase, de carácter eliminatorio, consistente na valoración dos méritos e historial académico, docente, investigador e profesional ou sanitario-asistencial alegados polas persoas aspirantes á praza.

## Criterios de carácter xeral

1. Un mesmo mérito non poderá ser valorado en máis dun apartado. Cando un un mesmo ítem apareza alegado en dous ou máis apartados, a comisión valorarao soamente naquel que considere máis acaído.

2. En varios dos apartados do baremo establécese un período de referencia para a valoración dos méritos. En consecuencia, os méritos alegados que queden fóra dese período non poderán ser valorados. Non obstante, estes períodos deberán ampliarse naqueles casos, debidamente xustificados, en que ao longo do período de referencia se producisen situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade. Cando algunha destas circunstancias concorra nalgunha das persoas aspirantes a unha praza, o Servizo de Planificación de PDI indicarao na documentación que se achegue á comisión de selección.

3. Cando os méritos alegados (por exemplo, un proxecto de investigación ou unha estadía) teñan unha data de inicio anterior á do período de referencia e rematen dentro deste, valorarase unicamente o período incluído dentro do período de referencia.

4. Para cada apartado dos baremos establécese unha valoración máxima. Nalgúns apartados, sen embargo, é posible que algunha das persoas candidatas supere ese valor máximo. De ser este o caso, deberá normalizarse a puntuación obtida por todas as persoas aspirantes nese mesmo apartado. A aplicación informática para a xestión dos procesos de selección de PDI realiza de xeito automático esta normalización.

5. En varios dos apartados e subapartados a comisión de selección debe indicar, de xeito motivado, con que criterio vai determinar se os méritos alegados son da máxima relevancia para a área da praza en concurso ou se, pola contra, a súa valoración debe ser corrixida ou minorada por se tratar de méritos asociados a

unha área afín. En calquera caso, o punto de referencia para este tipo de ponderacións debe ser a área de coñecemento.

## 1. Rendemento académico (máximo 10 puntos)

### 1.1. Expediente académico de grao e máster ou ben de licenciatura (máximo 4 puntos)

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións unha valoración do(s) expediente(s) de acordo co Protocolo de colaboración sobre valoración de expedientes académicos subscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do SUG.

No caso de titulacións que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan á área da praza en concurso, a puntuación non se corrixirá. Pola contra, no caso de titulacións que, segundo o criterio da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,6 ou por 0,3 en función do grao de afinidade. Finalmente, se a titulación non ten ningunha relación coa área da praza en concurso, a valoración será 0.

A comisión deberá determinar a que titulacións se lles aplicarán as correccións sinaladas no parágrafo anterior e cales serán valoradas sen ningún tipo de corrección. A relación dunhas e outras deberá incluírse nos criterios de valoración publicados logo da constitución da comisión.

Dado que non existe un catálogo de titulacións de valor universal, as denominacións das titulacións non poden aplicarse en sentido literal, senón como unha indicación do contido central dos estudos realizados. Correspóndelle á comisión a determinación desta afinidade, utilizando os estándares habituais na área da praza en concurso.

Neste apartado 1.1 só se pode valorar un título de grao e de máster ou un de licenciatura.

### 1.2. Doutoramento (máximo 4 puntos)

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións unha valoración do doutoramento en función da súa cualificación e de acordo coas seguintes equivalencias: Sobresaliente cum laude (4 puntos), Sobresaliente (3 puntos), Notable (2 puntos), Aprobado (1 punto). No caso de que o sistema de cualificación conste únicamente de dous graos a valoración será a seguinte: Apto cum laude (4 puntos), Apto (2 puntos).

No caso de teses de doutoramento que pola súa temática, de acordo co criterio razoado da comisión, correspondan á área da praza en concurso a puntuación non se corrixirá. Pola contra, cando a tese corresponda, segundo o criterio da comisión, a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,6 ou por 0,3 en función do grao de afinidade. Se a

tese non ten ningunha relación coa área da praza en concurso, a valoración será 0. O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións a información básica acerca da tese (título, director ou directora) necesaria para a determinación da afinidade.

A comisión deberá determinar con que criterio se aplicarán as correccións sinaladas no parágrafo anterior.

### 1.3. Premios e mencións, como premios extraordinarios, mencións de doutoramento internacional e mencións de calidade a programas de doutoramento (máximo 2 puntos)

As comisións deberán determinar as puntuacións asignadas ás diferentes mencións de calidade, incluídos premios, sempre en función da súa relevancia e do seu ámbito.

## 2. Postos desempeñados no ámbito da Universidade ou de Organismos Públicos de Investigación (máximo 30 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

### 2.1. Postos docentes (máximo 20 puntos)

A valoración realízase en función da duración do posto desempeñado e, cando proceda, da súa dedicación, dependendo de que se trate dun contrato con dedicación a tempo completo, con dedicación P6 ou equivalente, ou con dedicación P3 ou equivalente. Os contratos con dedicacións diferentes das mencionadas valoraranse de xeito proporcional.

Dentro deste apartado serán valorados unicamente postos desempeñados baixo as modalidades de contratación de PDI definidas na LOU, as existentes en Organismos Públicos de Investigación e as equivalentes noutros países. As actividades docentes impartidas baixo outras modalidades de vinculación (como autónomo, como conferenciante, como contratado por obra e servizo...) valoraranse no apartado 6.5. A actividade docente desenvolvida como persoal investigador en formación (predoc ou posdoc) está xa incluída nos apartados 2.2 e 2.3, segundo corresponda.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polos solicitantes dentro das diferentes modalidades contractuais (tempo completo, P6 ou equivalente, P3 ou equivalente). As comisións deberán recoller nos criterios publicados se, en función da docencia impartida, a actividade docente se considera dentro da área ou en área afín, e asignar as puntuacións correspondentes de acordo co seguinte baremo:

2.1.1 *Docencia a tempo completo na área de coñecemento*. Valorarase a razón de 2 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.2 *Docencia a tempo completo nunha área afín*. Valorarase a razón de 1 punto por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.3 *Docencia a tempo parcial na área de coñecemento*, *con dedicación P6 ou equivalente*. Valorarase a razón de 1,5 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.4 *Docencia a tempo parcial nunha área afín*, *con dedicación P6 ou equivalente*. Valorarase a razón de 0,75 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.5 *Docencia a tempo parcial na área de coñecemento*, con dedicación P3 ou equivalente. Valorarase a razón de 0,75 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.6 *Docencia a tempo parcial nunha área afín, con dedicación P3 ou equivalente*. Valorarase a razón de 0,35 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

### 2.2 Bolsas e contratos de investigación posdoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 10 puntos)

Os períodos con bolsa ou contrato posdoutoral (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie, Jóvenes Investigadores-Retos, contratos posdoutorais de ámbito autonómico, etc.) valoraranse a razón de 2 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda. Esta valoración xa abrangue a actividade docente eventualmente realizada pola persoa interesada durante o período de contrato. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polas persoas solicitantes como bolseiras ou contratadas posdoutorais.

### 2.3 Bolsas e contratos de investigación predoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 6 puntos)

Os períodos con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Predoutorais da comunidade autónoma e outros similares) valoraranse a razón de 1,5 puntos por curso completo. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda. Esta valoración xa abrangue a actividade docente eventualmente realizada pola persoa interesada durante o período de contrato. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

O Servizo de Planificación de PDI proporcionaralles ás comisións de selección unha cuantificación do tempo traballado polas persoas solicitantes como bolseiras ou contratadas predoutorais.

### 2.4 Contratos de investigador/a pre e posdoutoral con cargo a proxectos, contratos e convenios de investigación (máximo 5 puntos)

Os períodos con contrato pre e posdoutoral con cargo a proxectos, contratos e convenios valoraranse a razón de 0,75 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

### 2.5 Colaboración na actividade docente universitaria, en prácticas externas, como colaborador/a ou titor/a docente e noutras colaboracións (máximo 15 puntos)

A colaboración na actividade docente universitaria para a realización de prácticas externas valorarase con ata 1,5 puntos por curso. Para períodos inferiores a un curso asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

A comisión deberá determinar a puntuación asignada ás diferentes actividades de colaboración en función da súa duración, intensidade e relevancia para a praza en concurso.

Por outra banda, no caso de actividades que, segundo o criterio razoado da comisión, correspondan a áreas afíns a aquela para a que se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5. As comisións deberán recoller nos criterios publicados como se vai aplicar este coeficiente corrector.

### 2.6 Participación na ECOE (máximo 5 puntos)

Nos concursos de prazas correspondentes a áreas clínicas, a participación na ECOE valorarase con 1 punto por curso.

### 2.7 Dirección ou codirección de traballos académicos (máximo 5 puntos)

A dirección ou codirección e a titorización ou cotitorización de traballos académicos, como teses de doutoramento, traballos de fin de máster, traballos de fin de grao, proxectos de fin de carreira e outros análogos valoraranse con ata 1 punto por traballo.

A comisión deberá establecer unha clasificación dos traballos valorables con cadansúa puntuación de referencia. A puntuación asignarase en función do tipo de traballo, da función realizada (dirección, codirección...) e da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso.

## 3. Calidade docente (máximo 5 puntos)

Valoraranse unicamente 5 méritos seleccionados pola persoa aspirante, correspondentes aos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, é posible que os cinco ítems seleccionados correspondan a actividades de formación docente e, polo tanto, obter a máxima puntuación presentando méritos en só un dos apartados considerados.

### 3.1 Participación en actividades de formación docente

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia, que deberá establecerse tendo en conta o tipo de participación (cursos impartidos fronte a cursos recibidos), a entidade organizadora da actividade (organismos universitarios, asociacións profesionais, outras entidades non universitarias...), a relevancia da actividade, a duración... No caso de actividades reiteradas no tempo (o mesmo curso impartido en varias ocasións), a comisión poderá asignar diferente valoración á primeira edición e ás restantes.

### 3.2 Elaboración de materiais docentes

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de méritos valorables con cadansúa puntuación de referencia, que deberá establecerse tendo en conta o tipo de material de que se trate (manuais ou libros de texto universitarios, capítulos de manuais ou libros de texto, guías docentes, unidades docentes, problemas, etc.), a canle de difusión (editora internacional, editora nacional, autoedición, materiais en rede, etc.), o número de autores/as, a calidade e nivel dos materiais, a relevancia para a área da praza en concurso, etc.

Nos casos de autoría múltipla, se a comisión desexa establecer algún tipo de corrección na puntuación, deberá especificar o criterio con que a vai aplicar. Para iso deberá ter en conta a práctica habitual na área de que se trate.

### 3.3 Realización de estadías de formación docente

Cada unha das estadías presentadas poderá ser valorada con ata 1 punto.

Neste apartado consideraranse unicamente estadías en centros universitarios ou especializados cuxa finalidade principal fose a formación docente superior.

As estadías de investigación deberán valorarse no apartado correspondente (4.5).

A comisión deberá establecer o criterio de valoración das estadías de formación docente tendo en conta a súa duración e relevancia.

### 3.4 Participación en actividades de innovación docente

Cada un dos méritos presentados poderá ser valorado con ata 1 punto.

A comisión deberá elaborar unha relación de méritos valorables con cadansúa puntuación de referencia, que se establecerá tendo en conta a función desempeñada pola persoa solicitante (dirección, coordinación, membro do equipo), a entidade organizadora ou financiadora (programas competitivos de ámbito autonómico, estatal ou internacional), a duración da actividade, etc.

## 4. Experiencia investigadora (máximo 25 puntos)

### 4.1 Publicacións científicas (máximo 15 puntos)

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de dez publicacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 1,5 puntos. Cando menos sete destas publicacións deberán corresponder aos dez anos anteriores á convocatoria do concurso.

Consideraranse dentro deste apartado só textos efectivamente publicados ou traballos en prensa que consten inequivocamente como aceptados para a súa publicación. Isto último deberá acreditarse mediante unha comunicación remitida pola persoa responsable da revista ou da editorial en que se faga constar a aceptación e o estado da publicación.

Non se valorarán neste apartado:

- Publicacións de divulgación, difusión, opinión, etc., que poderán ser considerados no apartado *6.7. Outras actividades e transferencia e divulgación*.
- Materiais docentes publicados (libros de texto, manuais de prácticas, etc.), que poderán valorarse no apartado *3.2. Elaboración de materiais docentes*.
- Actas de congresos. A organización de congresos é unha actividade valorable no apartado *6.6. Outras actividades de investigación*; a presentación de traballos en congresos pode valorarse en *4.2. Participación en congresos e reunións científicas*. En todo caso, si poderán valorarse aqueles traballos que, tendo a súa orixe nunha presentación nun congreso, aparezan publicados como artigo ou capítulo de libro en revistas ou editoriais que cumpran os criterios de calidade requiridos.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía de publicacións con cadansúa puntuación de referencia. A seguir ofrécese unha proposta a título orientativo:

- Artigo en revista científica. Con carácter xeral, deberá adoptarse algunha das clasificacións de revistas habituais e recoñecidas dentro da área de que se trate.
- Libro. Consideraranse como tales publicacións de editoriais recoñecidas no ámbito académico con ISBN ou licenza de publicación en aberto. A comisión

deberá establecer unha tipoloxía en función do carácter nacional ou internacional da editorial e da súa clasificación en índices de referencia.

- Capítulo de libro. Aplicarase a tipoloxía establecida para os libros.
- Edición ou coordinación de obras colectivas. Aplicarase unha tipoloxía de editoriais semellante á empregada no apartado de libros.
- Edición crítica ou anotada.
- Recensión. Aplicaranse os criterios de clasificación de publicacións establecidos no apartado de artigos en revistas científicas.
- Outro. A comisión poderá prever outros tipos de publicación (nota, folleto, etc.), coas súas valoracións de referencia.

As puntuacións outorgadas a cada ítem deberán asignarse tendo en conta a tipoloxía establecida e a calidade da contribución, e poderán ser matizadas tendo en conta a contribución da persoa solicitante e a relevancia ou afinidade da contribución con respecto á área da praza en concurso. Para o primeiro poderase ter en conta o número de autores/as e, se é relevante, a posición que ocupa entre eles a persoa aspirante. En calquera caso, a minoración da puntuación deberase establecer tendo en conta os estándares dentro da área no tocante ao número de autores/as. Para o segundo, a comisión deberá establecer os criterios para a determinación da afinidade e as porcentaxes de redución da puntuación.

### 4.2 Participación en congresos e reunións científicas (máximo 5 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de cinco participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 1 punto.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía de contribucións en congresos e reunións científicas con cadansúa puntuación de referencia. A seguir ofrécese unha proposta a título orientativo:

- Relatorio ou conferencia plenaria. Enténdese como tal a intervención nun congreso por convite do comité organizador
- Mesa plenaria, por convite do comité organizador
- Comunicación
- Póster

Por outra banda, para valorar a relevancia do congreso terase en conta o seu ámbito (internacional, nacional ou local), en función da natureza da entidade organizadora e da composición do comité científico.

As puntuacións outorgadas a cada ítem asignaranse tendo en conta a tipoloxía establecida, a relevancia do congreso e a calidade da contribución. Ademais, poderán ser matizadas tendo en conta a contribución da persoa solicitante e a afinidade da contribución con respecto á área da praza en concurso. Para o primeiro poderase ter en conta o número de autores/as e, se é relevante, a posición que ocupa entre eles a persoa aspirante. En calquera caso, a minoración da puntuación deberase establecer tendo en conta os estándares dentro da área no tocante ao número de autores/as. Para o segundo, a comisión

deberá establecer os criterios para a determinación da afinidade e as porcentaxes de redución da puntuación.

### 4.3 Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en proxectos de investigación competitivos de ámbito autonómico, estatal ou internacional (máximo 2 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 0,7 puntos.

A comisión deberá establecer unha gradación tendo en conta o tipo de participación (investigador/a principal, membro do equipo de investigación, membro do equipo de traballo), do ámbito do proxecto (autonómico, estatal, internacional) e da súa duración. Ademais, a puntuación asignada poderá matizarse tendo en conta o grao de afinidade do contido do proxecto con respecto á área da praza en concurso.

### 4.4 Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en convenios e contratos de investigación non competitivos con empresas e institucións (máximo 1 punto)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 0,35 puntos.

A comisión deberá establecer unha gradación tendo en conta o tipo de participación (investigador/a principal, membro do equipo de investigación, membro do equipo de traballo), da relevancia do convenio ou contrato (en función da entidade financiadora, do importe económico, do número de investigadores/as implicado, etc.) e da súa duración. Ademais, a puntuación asignada poderá matizarse tendo en conta o grao de afinidade do contido do traballo con respecto á área da praza en concurso.

### 4.5 Estadías de investigación (máximo 1 punto)

Valoraranse unicamente estadías en universidades e centros de investigación realizadas dentro dos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres estadías, que serán valoradas en función da súa duración, a razón de 0,1 punto por mes. Os períodos inferiores a un mes valoraranse de xeito proporcional. Non se valorarán estadías previas á etapa de formación doutoral.

### 4.6 Patentes, rexistros da propiedade intelectual e outras actividades de transferencia (máximo 3 puntos)

Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas candidatas poderán achegar un máximo de cinco ítems, que serán valorados en función da súa relevancia cun máximo de 0,6 puntos cada un.

A comisión deberá establecer unha tipoloxía dos ítems valorables con cadansúa puntuación de referencia.

No caso das patentes distinguirase cando menos entre patentes concedidas e patentes en trámite. Neste último caso, para poder ser valorada, a patente deberá ter superada algunha fase que implique un indicio da súa calidade.

No caso dos rexistros da propiedade industrial ou intelectual consideraranse só produtos que impliquen a transferencia de resultados de investigación (non rexistros de publicacións).

Valorarase tamén a participación no proceso de creación de EBTs e spin-offs universitarias.

A puntuación asignada poderá matizarse en función do número de persoas implicadas, da relevancia da actividade e da súa afinidade con respecto á área da praza en concurso.

# 5. Experiencia profesional (máximo 25 puntos)

Valoraranse unicamente méritos relacionados coa área obxecto do concurso acreditados nos quince anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, será posible obter a máxima puntuación presentando méritos en só un destes subapartados.

## 5.1 Actividade profesional non universitaria

Valorarase con ata 2,5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

## 5.2 Actividade docente en ensino oficial non universitario

Valorarase con ata 2,5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

## 5.3 Actividade asistencial

Valorarase con ata 2,5 puntos por ano.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da intensidade da dedicación.

## 6. Habilitación ou acreditación para figuras de profesorado e corpos docentes universitarios (máximo 10 puntos)

A valoración máxima é de 10 puntos.

Valorarase unicamente a acreditación para o corpo docente ou figura de profesorado de maior categoría.

## 7. Outros méritos non valorables en apartados anteriores (máximo 5 puntos)

As persoas candidatas poderán elixir un máximo de sete ítems.

Non existen restricións en canto á distribución dos méritos alegados nos diferentes subapartados considerados. Así, por exemplo, será posible obter a máxima puntuación presentando méritos en só un destes subapartados.

### 7.1 Coñecementos de linguas estranxeiras

Cada ítem poderá ser valorado cun máximo de 1 punto.

A comisión deberá establecer, de acordo cos niveis definidos no MCER, os niveis susceptibles de valoración e as puntuacións de referencia para cada un deles. Estes niveis deberán estar xustificados mediante acreditacións oficiais das recoñecidas con carácter xeral nas táboas aprobadas polo Consello de Goberno.

### 7.2 Outras titulacións universitarias oficiais

Poderán ser valoradas neste apartado titulacións universitarias oficiais distintas das valoradas nos apartados 1.1 e 1.2.

A comisión establecerá puntuacións de referencia para cada tipo de título (diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica, grao, máster, licenciatura, enxeñaría, arquitectura, doutoramento), tendo en conta que a valoración máxima por ítem está establecida en 1 punto.

A puntuación asignada poderá ser matizada cando o título valorado presente un grao de coincidencia significativo con respecto á titulación principal aducida en 1.1 ou 1.2.

### 7.3 Outras titulacións e diplomas, como o grao de licenciatura ou outros

A valoración máxima que se pode asignar a cada ítem é de 1 punto.

A comisión establecerá unha tipoloxía de titulacións e diplomas. A modo de exemplo, e sen pretensións de exhaustividade, suxírense as seguintes:

- Máster propio
- Grao de licenciatura
- Curso de especialización
- Título de médico especialista

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e da súa duración.

### 7.4 Experiencia en xestión universitaria

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

Poderán valorarse neste apartado só as responsabilidades recollidas nos Anexos I e II do *Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019, ou documento que o substitúa. As actividades de xestión desenvolvidas noutras universidades valoraranse tomando como referencia este documento.

A comisión asignará puntuacións de referencia para os diferentes cargos, tendo en conta a duración do seu desempeño.

### 7.5 Outras actividades docentes

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Docencia en grao e máster oficiais non computable en 2.1 (docencia en área externa, docencia como autónomo ou como conferenciante)
- Docencia en títulos propios

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso.

### 7.6 Outras actividades de investigación

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Dirección ou pertenza a consellos de redacción de revistas científicas
- Actividade como revisor de manuscritos para publicacións científicas
- Pertenza a comités científicos ou de organización de congresos
- Pertenza a grupos de referencia e redes temáticas con financiamento competitivo (só no caso de que non fose valorada en 4.3)
- Acreditación I3 e similares

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso.

### 7.7 Outras actividades de transferencia e divulgación

A valoración máxima é de 1 punto por ítem.

A comisión establecerá unha clasificación das actividades valorables con cadansúa puntuación de referencia. A modo de exemplo, suxírense as seguintes:

- Publicacións de carácter divulgativo ou en medios non especializados
- Organización de xornadas e actividades de divulgación científica
- Impartición de cursos e seminarios de divulgación científica
- Impartición de conferencias.

A puntuación asignarase en función da relevancia da actividade desenvolvida para a praza en concurso e, de ser o caso, da súa duración.

A comisión deberá indicar con que criterio se van seleccionar os candidatos que superan a fase única do concurso. Para iso pódese establecer unha nota de corte e / ou un número de candidatos. Tendo en conta que se trata dunha praza de incorporación, non parece razoable esixir unha puntuación mínima elevada. En calquera caso, recoméndase que esta non supere os 30 puntos.